

**Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)**



**AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO**

**Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade  
(4ªed.)**

**Curso Académico: Curso 2023-2024**

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
    - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- Plan de Melloras
  - Abertas Curso 2023-2024
    - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
  - Finalizadas Curso 2023-2024
    - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe

| <b><u>1. DATOS DO TÍTULO</u></b>                                      |                                                                                            |
|-----------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------|
| Denominación do título                                                | Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)                |
| Mencións/Especialidades                                               | Especialidade en Arqueoloxía<br>Especialidade en Historia do Mundo Clásico                 |
| Universidade responsable administrativa                               | Universidade de Santiago de Compostela                                                     |
| En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s | Universidade de Santiago de Compostela<br>Universidade de Vigo<br>Universidade de A Coruña |
| Centro responsable                                                    | Facultade de Xeografía e Historia                                                          |
| Centro/s onde se imparte                                              | Facultade de Xeografía e Historia                                                          |
| Rama de coñecemento                                                   | Artes e Humanidades                                                                        |
| Número de créditos                                                    | 60 ECTS                                                                                    |
| Profesión regulada                                                    | Non                                                                                        |
| Modalidade de impartición                                             | Estudo presencial                                                                          |
| Curso de implantación                                                 | 2020                                                                                       |
| Data acreditación ex ante (verificación)                              | 07/10/2014                                                                                 |
| Data renovación acreditación                                          | 19/05/2020                                                                                 |

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste apartado non se rexistraron novidades significativas respecto aos datos incluídos no informe de renovación da acreditación previo á 4ª edición do master, elaborado a finais do curso 2019-2020 e que obtivo a cualificación de “favorable”. En efecto, trátase dun título con carácter estratéxico que da resposta ás necesidades formativas do SUG e da sociedade galega. Durante os cursos académicos impartidos, o Máster ofreceu aos alumnos unha formación especializada, contribuíndo, entre outros aspectos, de maneira decisiva, á mellor preparación dos arqueólogos e das arqueólogas que poden desenvolver o seu traballo no eido da Arqueoloxía profesional e da investigación, o que repercute a súa vez en beneficio da sociedade á que están destinados a servir. Trátase, polo tanto, dunha titulación que, sen estar vinculada a unha profesión regulada, relaciónase directamente coa actividade profesional da Arqueoloxía e coa investigación nesta mesma área e na de Historia da Antigüidade.

Os estudos dan resposta ás cambiantes necesidades do mercado laboral, permiten a formación continua e favorecen a validación de coñecementos, habilidades e destrezas adquiridos. A aprendizaxe da Arqueoloxía e das Ciencias da Antigüidade veríase gravemente comprometida se se restrinxira só as titulacións xeneralistas, sen especialización.

O título oferta cada ano 25 prazas (IN01M). A evolución da matrícula manifesta lixeiras oscilacións, cunha tendencia que alcanza ou supera a cifra de 20 alumnos de novo ingreso de forma sostida no tempo dende o ano 2019-2020. A media dos últimos cinco anos (período 2019-2024) é de 21 matriculados; pensamos que a cifra de 16 no curso 2016-17 debeuse a unha situación conxuntural; de feito, os anos posteriores foron sempre superiores, quedando en 20 os matriculados no curso 2021-22, 24 no curso 2022-23, segundo ano da 4ª edición deste master, e 24 na edición de 2023-2025. A evolución da matrícula na USC pódese ver na táboa seguinte:

|               | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---------------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| Total (IN02M) | 20      | 26      | 16      | 21      | 18      | 21      | 20      | 20      | 24      | 24      |

Non é fácil determinar as causas das pequenas fluctuacións na matrícula, pero a táboa apunta a que os cursos 16-17 e 18-19 foron excepcionais e non un cambio de tendencia. Como aspecto positivo, mantense a matrícula de alumnos estranxeiros, en concreto son salientables os procedentes de China (curso 2018-19 ata 2021-2022) e de Arxelia (2022-2023 e 2023-2024), tal e como se reflicte na táboa seguinte (IN08M) (as porcentaxes que dá a USC non recollen os datos da UVIGO ou da

UCD):

|                          | 2014-15     | 2015-16     | 2016-17     | 2017-18     | 2018-19     | 2019-20      | 2020-21   | 2021-22     | 2022-23      | 2023-24     |
|--------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|--------------|-----------|-------------|--------------|-------------|
| <b>Total (%) (IN08M)</b> | <b>5,26</b> | <b>0,00</b> | <b>3,85</b> | <b>4,00</b> | <b>7,41</b> | <b>12,00</b> | <b>10</b> | <b>4,17</b> | <b>10,00</b> | <b>9,09</b> |

É importante destacar os seguintes aspectos:

**a)** A inmensa maioría dos alumnos de novo ingreso matricúlanse de todos os créditos ofertados (IN04M). Ata o momento só dous alumnos acolléronse á modalidade de matrícula a tempo “parcial”, máis o caso dunha alumna anterior (do curso precedente, 2021-2022). No curso 2022-23 houbo unha alumna que se deu de baixa do mestrado, por motivos non aclarados á coordinación, e outro alumno que rematará o mestrado en 2 anos, por motivos de saúde (só se inclúen os datos da USC), de aí que o índice do 2022-23 reflexe unha baixa que, en todo caso, non é representativa da tendencia xeral do mestrado. De feito, se atendemos aos datos do curso 2023-2024, o índice amosa unha alza, tendente á estabilidade no curso 2024-2025.

|                      | 2014-15      | 2015-16      | 2016-17      | 2017-18      | 2018-19      | 2019-20      | 2020-21   | 2021-22   | 2022-23     | 2023-24   |
|----------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-----------|-----------|-------------|-----------|
| <b>Total (IN04M)</b> | <b>19,00</b> | <b>20,00</b> | <b>16,00</b> | <b>20,00</b> | <b>18,00</b> | <b>19,00</b> | <b>19</b> | <b>17</b> | <b>15,0</b> | <b>24</b> |

**b)** A docencia impártese indistintamente en galego e castelán, grazas ás accións de mellora e potenciación do idioma galego que se realizan tanto para o alumnado como para o profesorado.

**c)** Os contidos, planificación docente e a metodoloxía do Máster contan co respaldo de diversas institucións da comunidade autónoma galega, en particular, de concellos (destacando o de Santiago de Compostela e Vilamartín de Valdeorras), museos (Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela, por exemplo), e do servizo de patrimonio cultural da Xunta de Galicia. Tamén contamos co apoio de empresas privadas do sector da arqueoloxía, algunhas delas que contan xa con anos de colaboración continuada co mestrado. Resulta salientable que algunhas delas están fundadas e dirixidas por antigos alumnos egresados do mestrado, o que indica que a súa proxección laboral funciona correctamente.

Hai que mencionar que a partir de marzo de 2020 tívose que pasar á docencia non presencial a causa do Estado de Alarma derivado do COVID-19 (curso 2019-20). No curso 2020-21, primeiro ano da 4ª edición, voltouse á presencialidade coas precaucións sanitarias esixidas e necesarias derivadas do mantemento da situación de pandemia, que foron mantidas no curso 2021-22, sempre seguindo as indicación da xerencia da nosa institución. Dende o curso 2022-23 ata a actualidade (2023-24) retomouse a docencia presencial con normalidade.

## **1.2.- O plan de estudos desenvólvese seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso académico actual 2023-24, tercer ano da 4ª edición do Master Inteuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, no que participan plenamente as tres universidades do SUG e máis o CSIC, xa están consolidadas as tres materias novas impartidas dende o curso 2017-18: “Arqueoloxía de Mesopotamia” e “Técnicas instrumentais e cronolóxicas en arqueoloxía”, a cargo de profesores da UDC, e a materia de “Necrópole e restos humanos” ofertada a partir do curso 2018-19, que continúa sendo a optativa con máis alumnos matriculados.

Ademais, na nova edición incorporáronse outras novas materias que completan a formación dos estudantes egresados, que están a ter moito éxito. A materia obrigatoria de ‘Iniciación á Investigación en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade’, e as materias optativas ‘Cultura material medieval e moderna’, ‘Arqueobotánica’, ‘Zooarqueología’. Así mesmo a modificación da oferta de outras 6 materias nesta 4ª edición axústanse mellor ás necesidades formativas (‘Escavación arqueolóxica’, ‘Practicum’, ‘Epigrafía latina’, ‘Historia das relixións antigas’, ‘Historia antropolóxica do mundo antigo’, ‘Historia do arte grego’). Na revisión anual do programa de materias do Mestrado, a Comisión Académica plantexou, en coordinación coa Universidade da Coruña, a posibilidade de crear unha nova materia para o curso 2025/26, “Bioarqueoloxía e ADN antigo”.

Os obxectivos establecidos na Memoria continúan a cumprirse dende a posta en funcionamento do Máster, adquirindo os alumnos as competencias xenéricas e específicas que se inclúen na Memoria. O grao de satisfacción do alumnado constátase tanto polo sistema de enquisas establecido con carácter xeral para todos os títulos pola USC (ao que nos referiremos no apartado que corresponde), como polas enquisas *ad hoc* realizadas dende a coordinación académica anualmente, os informes dos titores dos TFM e do sistema administrativo de apoio ao Máster.

Debemos salientar ademais, que ao longo do curso 2023-24 foron desenrolados seminarios complementarios á docencia, con financiamento competitivo da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización da USC dedicado a accións de promoción e mellora dos mestrados. Realizáronse un total de:

**1. Conferencia de inauguración:** Rafael Rodríguez Martínez (Diputación de Pontevedra)

(11/09/2023): *Santa Clara de Pontevedra. 750 anos de clausura e proxecto.*

**2. Seminarios de especialización:**

- Dra. Carla Rubiera Cancelas (Universidade de Oviedo) (20/10/2023): *"What did they do with female slaves?" (Susan Treggiari). Interseccionalidade en el estudio de la esclavitud en la Roma antigua.*
- Dr. Fernando Rodríguez del Cueto (Universidade de Oviedo) (20/10/2023): *La implantación megalítica en un territorio del centro-occidente asturiano: resultados del proyecto de la Cobertoria (2016-2023).*
- Dra. Pilar Diarte Blasco (Instituto de Historia, CSIC) (23/02/2024): *Más allá de silos y fondos de cabaña: paisaje y sociedad en el mundo rural del período visigodo.*
- Dr. Mikel Díaz Rodríguez (Universidade de Santiago de Compostela) (14/03/2024): *Casos de estudio con SIG. Reproducibilidad y transparencia en Arqueología.*
- Dra. María Benito Sánchez (Universidade Complutense de Madrid) (19/03/2024): *Unha carreira en antropoloxía física forense: das fosas da guerra civil ás momias exipcias.*

**3. Talleres prácticos e workshops:**

- Programa práctico en Arqueoloxía da Arquitectura (23-30/01/2023-27/02/2023-17/03/2023): Dra. Rebeca Blanco Rotea (Univ. Minho).

- Destrezas prácticas en Humanidades Dixitais (29/09/2023-06/10/2023-11/10/2023-20/10/2023-27/10/2023): Dr. Miguel Carrero Pazos (USC), Dra. Leticia Tobalina Pulido (UNICAN).

**CONFERENCIA INVITADA** USC Stockholm University CRETUS EOPast

**UNHA CARREIRA EN ANTROPOLOXÍA FÍSICA FORENSE: DAS FOSAS DA GUERRA CIVIL AS MOMIAS EXIPCIAS**

**Dra. María Benito Sánchez**

Escuela de Medicina Legal de Madrid  
Dpto. Medicina Legal Psiquiatría y Anatomía Patológica

Martes 19 de 12:30 a 14:00  
Salón de Graos Facultade de Bioloxía  
Campus Vida – Acceso libre

Dentro do Msc de Arqueoloxía e CC da Antigüidade da USC

Organiza:  **PollutedPast**

 **FACULTAD DE MEDICINA**

**MÁSTER INTERUNIVERSITARIO DE ARQUEOLOXÍA E CIENCIAS DA ANTIGÜIDADE**

**SEMINARIOS DE ESPECIALIZACIÓN 2023/2024**

**Dra. Carla Rubiera Cancelas** (Universidad de Oviedo)  
"What did they do with female slaves?" (Susan Treggiari). Interseccionalidad en el estudio de la esclavitud en la Roma antigua. 12-13h

**Dr. Fernando Rodríguez del Cueto** (Universidad de Oviedo)  
La implantación megalítica en un territorio del centro-occidente asturiano: resultados del proyecto de la Cobertoria (2016-2023). 13-14h

**Venres 20 de outubro, 12-14h, Paraninfo da Facultade de Xeografía e Historia**

 **ARQUEOLOXÍA e CIENCIAS DA ANTIGÜIDADE**

 **Universidade de Santiago de Compostela**

 **Universidade de Vigo**

 **Universidade da Coruña**

 **CSIC**

 **incipit**



Non hai participación do alumnado en programas de mobilidade, xa que os estudantes se matriculan polo interese de permanecer todo o curso deste master en Santiago.

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Seguindo a normativa da USC referida ao nomeamento dun titor da materia de Traballo de Fin de Máster, no curso 2023-2024 mantívose ao profesor Francisco Javier González García quen desenvolve a súas responsabilidades con gran eficacia. A acción introducida no curso 2017-18 de asignar un titor por cada 3 alumnos non se aplicou porque non contribuía de maneira significativa á mellora da proposta: que os alumnos elixisen pronto o seu tema e titor de TFM.

Así mesmo, tendo presente o informe emitido pola ACSUG no proceso de acreditación do título, a Comisión Académica considerou oportuno introducir no 2018-19 unha acción de mellora consistente en solicitar unha maior concreción ás programacións académicas de cada materia, requisito que se mantén na 4ª edición, tanto no curso 2020-21, 2021-22, 2022-23 e 2023-24. En concreto, incorpóranse os seguintes aspectos:

- Un apartado sobre “prácticas” especificando o número de horas, a súa distribución e a descrición da mesma.

- Un apartado sobre avaliación, no que se debe indicar: (a) se haberá ou non exame; (b) a definición dos traballos coa maior precisión posible; (c) as datas de entrega dos traballos; (d) a ponderación dos distintos elementos que serven de base para a avaliación. A causa da pandemia a recomendación para todas as materias foi que se realizara na medida do posible unha avaliación continua.

Ademáis, a Comisión Académica considerou unha “boa práctica” que as avaliacións de varias materias foran feitas de forma conxunta (p. ex., que un mesmo traballo feito en varios módulos sirva para varias materias) e que se facilitase no posible a converxencia coa temática nos respectivos TFM.

No curso 2023-24, seguindo as indicacións normativas da USC, incluíuse un texto referido ao uso fraudulento de tecnoloxías de Intelixencia Artificial: “Para los casos de realización fraudulenta de ejercicios o pruebas será de aplicación lo recogido en la "Normativa de evaluación del rendimiento académico de los estudiantes y de revisión de calificaciones". En el caso de fraude académico, tal y como se define en el artículo 42 del Reglamento por el que se establecen las normas de convivencia de la Universidad de Santiago de Compostela, y de conformidad con lo dispuesto en el artículo 11. g) de la Ley de Convivencia Universitaria, se aplicarán las sanciones previstas por la normativa. Entre los comportamientos premeditados tendentes a falsear los resultados de un examen o trabajo se incluyen el plagio y el empleo no consentido de herramientas de Inteligencia Artificial”.

A coordinación, tanto entre o profesorado como entre as tres universidades (USC-UVigo-UDC), foi continuada e sendo excelente durante o curso 2023-2024, e nos anos anteriores. Celebráronse reunións periódicas mensuais entre o coordinador do mestrado (USC) e os coordinaores locais da UVIGO e UDC para analizar o bo seguimento do mestrado.

En conclusión, a través da pluralidade de mecanismos garántese a coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias de formación do plan de estudos (evitando baleiros e duplicidades), incluíndo as Prácticas Externas. En definitiva, todos os ensinos que se imparten responden, en termos xerais, a unha mesma planificación, obxectivos, metodoloxía e resultados. Finalmente, salienta a constitución de dúas C.C.A.A., unha interuniversitaria e outras locais, por cada universidade, que foron desenrolándose simultaneamente dende a súa constitución. Proba do efecto de ambas comisións e a súa coordinación é o feito de elaborar unha proposta de nova materia optativa, “Bioarqueoloxía e ADN antigo” que na actualidade está en tramitación, para ser impartida pola UDC por primeira vez no curso 2025/26.

**1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O compromiso de chegar a 20 alumnos de novo ingreso por ano mantense como obxectivo prioritario, e fanse importantes esforzos para alcanzalo. As xornadas de orientación profesional que organizan as facultades de Xeografía e Historia (USC), de Historia (UVigo) e de Humanidades (UDC) para os alumnos de último curso do grao nas titulacións de Historia, Historia da arte, Xeografía e Xeografía e Historia, e a propia Vicerreitoría de Internacionalización son unha boa iniciativa, que debería continuar, a pesar de que a asistencia de alumnos non é demasiado elevada. A coordinación participa activamente nas diferentes actividades de promoción que se convocan.

Neste sentido cabe salientar o interese da realización dunha actividade de promoción do master orientada a futuros estudantes, organizada pola Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional en xaneiro de 2024, e a grabación, dende o decanato da facultade de Xeografía e Historia, de vídeos curtos para a promoción dos masters, nas mesmas datas, co mesmo obxectivo, chegar a potenciais alumnos de todo o territorio nacional, especialmente da zona norte/noroeste e de América do Sur e Mesoamérica. Ademais, mellorouse a información da páxina web do título e a información de Facebook. Poderanse utilizar outras redes sociais como ferramentas de difusión (twitter, Instagram, etc.).

Progresivamente, tanto na USC como na Uvigo e na UDC, foise mellorando e aproximando o calendario de matrícula, que antes se solapaba co comezo do curso, o que provocaba certas disfuncións. No curso 2023-2024, a progresiva aproximación permite axustar mellor as datas de avaliación cara ao peche de actas, eliminándose os problemas detectados en cursos anteriores.

A nota media de acceso segue manténdose por riba do 6, cunha tendencia ascendente (IN06M), sendo a do curso 2021-2022 un 7,31, no curso 2022-23 rexistrouse unha lixeira baixada (7,19) de 12 décimas, que en todo caso non resta relevancia á nota media alta de acceso (IN06M). No curso actual 2023/24 rexístrase unha subida interesante, a 7,67.

|               | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|---------------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| Total (IN06M) | 6,99    | 7,14    | 6,77    | 7,05    | 7,19    | 7,15    | 6,90    | 7,31    | 7,19    | 7,67    |

No curso 2021-22 houbo unha subida na porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia (IN09M) ao 20,83% (no anterior alcanzou o 10%, aínda que non alcanzou o 22,22% do curso 2018-19), o número de estudantes procedentes da USC pasou do 65% do total ao 45,83% (IN13M). No curso 2022-2023, a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia mudou á baixa (20,00%) (IN09M), e o número de estudantes procedentes da USC continuou subindo ata o 56,67% (IN13M), o que significa que o alumnado da USC interésase por continuar estudos formativos de mestrado na nosa Universidade. No curso 2023-24, a porcentaxe de alumnado estranxeiro continuou subindo, ata alcanzar un 21,21% (IN09M), e o número de estudantes procedentes da USC tamén, chegando ao 63,64% (IN13M), o que significa que o interese polo noso mestrado segue crescendo.

|                   | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|-------------------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| Total (%) (IN09M) | 5,26    | 22,22   | 15,38   | 20,00   | 22,22   | 8,00    | 10      | 20,89   | 20,00   | 21,21   |

|                   | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|-------------------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| Total (%) (IN13M) | 73,68   | 62,96   | 73,08   | 68      | 55,56   | 72,00   | 65      | 45,83   | 56,67   | 63,64   |

Cremos que manter un perfil de ingreso amplo (graduados de diferentes titulacións) contribúe a

dar maior riqueza ao título; curso tras curso, constatamos que as cualificacións medias dos alumnos que proceden do grao de Historia son semellantes ou inferiores ás alcanzadas por quen procede doutras titulacións. Así, no curso 2014-15, os alumnos que accederon ao máster desde o grao en Historia obtiveron unha nota media de 8,2, mentres que os do grao en Arte un 7,31. No curso 2015-16 a equiparación foi absoluta (grao en Historia: 7,85; grao en Historia de Arte: 7,89). Nos perfís máis afastados os alumnos obtiveron notas medias claramente superiores 8,38 (licenciatura en filoloxía clásica); 8,5 (grao en Bioloxía) 8,0 (grao en Humanidades); 9,2 (licenciatura en Belas Artes). Hai que ter en conta tamén que o peso da Arqueoloxía e Historia Antiga no grao en Historia é moi reducido (dúas materias semestrais en primeiro e segundo curso), polo que non son necesarios complementos de formación. Pensamos que restrinxir o acceso aos graduados en Historia ou en Xeografía e Historia empobrecería considerablemente o título, e limitaría o enriquecemento de disciplinas como a Arqueoloxía.

### **1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.**

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O Consello de Goberno da USC do 16 decembro de 2016 aprobou un novo regulamento do TFM, que está publicado na web do máster (<https://www.usc.es/posgrao/muarqueo/TrabajofindeMaster.html>). No curso 2022-23, como ven sendo habitual, realizamos unha xornada ao comezo do curso, nas que os profesores presentan as súas liñas de investigación co fin de facilitarlles a elección do tema e titor do TFM. No curso 2022-23 e 2023-24 realizouse en formato presencial, á que asistiron todos os estudantes e un número importante de profesorado, superior ó doutros anos.

Como comentamos no apartado precedente, houbo varias actividades para promocionar o mestrado a través de webminarios para a edición do curso 2023-2024. As datas foron o 23 de febreiro de 2023 promovida pola vicerreitoría, e videos da propia facultade de Xeografía e Historia (cara aos estudantes de grao da USC, do SUG, do estado español e con orientación internacional).

A constante actualización da web propia do mestrado (<https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/artes-humanidades/master-universitario-arqueoloxia-ciencias-antiguidade/web-propia>) como complemento da web oficial da USC, contribúe a ter informado aos estudantes egresados e aos que desexan obter información do master en tempo real.

## **DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

### **CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:**

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria

verificada do título e as súas posteriores modificacións.

- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Dende a Facultade de Xeografía e Historia da USC promóvese que toda a información sexa pública e facilmente accesible a través do apartado de acordos de Facultade e Comisión Permanente, onde se aproban todas as suxerencias e reflexións da Comisión do SGC:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/arquivo>

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/calidade/documentacion-sgc>

De acordo coa observación realizada pola subcomisión avaliadora da acreditación, actualizáronse as posibles ligazóns rotas e incorporáronse os acordos da Comisión de Calidade. Toda a documentación do sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Historia da Universidade de Vigo está dispoñible na páxina web do centro, <https://historia.uvigo.es/gl/facultade/organos-de-goberno/comision-de-calidade/>, onde ademais hai un apartado específico sobre a descrición do título do mestrado <https://historia.uvigo.es/gl/estudios/master-en-arqueoloxia/> e orientativa sobre a titulación para os alumnos da Universidade de Vigo.

Así mesmo, na Universidade de A Coruña está dispoñible esta información na páxina web do centro <https://humanidades.udc.es/estudios/máster-miaca/información-del-t%C3%ADtulo>

O máster posúe a súa propia páxina web na que se inclúe toda a información necesaria, sendo mellorada cada curso académico. Foi completamente renovada no curso 2023-2024, co gallo da nova coordinación: <https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/artes-humanidades/master-universitario-arqueoloxia-ciencias-antiguidade/web-propia>

A páxina web é a nosa principal canle de información e mantense permanente actualizada puntualmente, prestando especial atención ás Prácticas Académicas Externas, ao Traballo de Fin de Máster e ás actividades extra-académicas. A USC ten unha páxina propia de máster (orientada sobre todo ao alumno que aínda non está matriculado) que enlaza coa páxina do máster:

<https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/artes-humanidades/master-universitario-arqueoloxia-ciencias-antiguidade>

Así mesmo contamos cunha páxina en Facebook que resulta moi útil para difundir as actividades así como tamén outras relacionadas coa Arqueoloxía ou a Historia Antiga especialmente en Galicia: <https://m.facebook.com/masterarqueoloxia/>, cuxa xestión é proporcionada pola Uvigo.

### **DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

#### **CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:**

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.  
No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao

establecido.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O Sistema de Garantía Interna de Calidade da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixos, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias para estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

A USC aprobou o primeiro SGIC en decembro de 2009, e a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno, nunha sesión celebrada en maio de 2013, aprobou unha revisión do mesmo, no que se procedeu á simplificación dos documentos e os procesos asociados ao SGIC.

O Máster de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade inclúese no Sistema de garantía da calidade da Facultade de Xeografía e Historia (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/calidade>), centro co que se vincula a titulación. Este sistema, conformado polo Manual do Sistema de Garantía de Calidade e o Manual de Procesos, foi modificado e aprobado pola Comisión de Calidade do centro, a Xunta de Facultade e a Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno en decembro de 2020.

<https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2020-10/manual-simplificado-do-sgic-facultade-de-xeografia-e-historia-2020.pdf>

<https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2020-10/manual-de-procesos-e-procedementos-do-sgic-do-centro-2020.pdf>

A memoria de calidade da facultade de Xeografía e Historia para o curso 2022-2023 pode consultarse no seguinte enlace: <https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2025-01/memoria-de-calidade-2022-23.pdf>

Na universidade de Vigo, o SGIC pode consultarse en <https://historia.uvigo.es/gl/calidade/sgc/manual-de-calidade/>, e os aspectos concretos do Máster Interuniversitario de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, na seguinte dirección: <https://historia.uvigo.es/gl/calidade/seguimento-de-titulos/master-en-arqueoloxia/>

Na universidade de A Coruña, o SGIC pode consultarse en: <https://humanidades.udc.es/calidad/msgic>

Tanto os procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino e o profesorado, como os de suxestións e reclamacións desenvólvense dacordo ao establecido. Todas as peticións e dúbidas foron resolvéndose satisfactoriamente. Tanto a Facultade de Xeografía e Historia da USC como a Facultade de Historia da UVigo e a Facultade de Humanidades de A Coruña, contan coas súas respectivas Comisións de Calidade, nas que están representados os coordinadores dos títulos impartidos e ás que corresponden as seguintes funcións:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGIC.
- Elaborar a Memoria de Calidade que englobará distintos informes e memorias:
  - Proposta do plan de melloras para o curso seguinte que recollerá as propostas de mellora dos Títulos derivadas dos seus informes de seguimento.
  - Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora.
  - Informes de seguimento dos Títulos.

Os mecanismos de recollida de información están establecidos no proceso PM-01 Medición, análise e mellora do Sistema de Garantía Interna de Calidade. De acordo con este proceso e unha vez establecido o panel de indicadores e informes que se

facilitarán aos centros de forma centralizada, os Responsables de Calidade de cada Centro, ou persoa en quen delegue, encárgase de recibir, revisar e comprobar a validez de toda a información necesaria para a análise. En caso de detectar algunha ausencia ou erro na información, comunícase á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos para a súa corrección.

No curso 2010-11 o SGIC da Facultade de Xeografía e Historia foi presentado para a súa verificación pola ACSUG. Tal verificación respondía o compromiso adquirido na Memoria de Verificación do Título para poder elaborar un manual transparente e accesible a todos sobre o proceso de análise, medición e mellora das prácticas docentes dos títulos.

A partir deste sistema de garantía de calidade nace a correspondente Comisión de Calidade do Centro que, integrada polos responsables do centro, os directores de departamento e os coordinadores dos títulos, así como os alumnos xunto coa xunta de Facultade, cuxos acordos (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/arquivo>), o mesmo que os da Comisión permanente, son públicos, asume a responsabilidade sobre os procedementos e sistemas aplicados en todos e cada un dos títulos que se imparten na Facultade.

En esencia, trátase dun documento onde se recollen os procedementos a seguir e contribúe á transparencia á vez que garante a calidade dos ensinos, garantías incrementadas coa aprobación polos membros da Comisión Externa da titulación. A valoración do título por parte da axencia avaliadora foi positiva, aínda que propuxo melloras que se foron introducindo no procedemento, polo que o SIG da Facultade permite que todos os procedementos de xestión, tanto en relación ao estudantado como ao profesorado e ao persoal de administración e servizos, sexa transparente e público.

Do mesmo xeito, a calidade da docencia reflíctese na positiva evolución de satisfacción do alumnado, como pode verse aquí (IN46M), aínda que hai un pequeno descenso no curso 2019-20 que podería ser das dificultades derivadas do COVID19 que se prolongaron no curso 2020-21. No curso 2021-22 hai un ascenso que resalta este curso como o máis positivo nas enquisas do máster ata o momento, sendo seguido por unha pequena baixa no curso 2022-23 que, en todo caso, continúa a ser unha puntuación practicamente de sobresaliente. No curso 2023-24 a puntuación volve a subir ao 4,04. Con base a unha puntuación sobre 5, estes son os datos desde o curso 2013-14:

|                      | 13-14       | 14-15       | 15-16       | 16-17       | 17-18       | 18-19      | 19-20       | 20-21       | 21-22      | 22-23    | 23-24       |
|----------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|------------|-------------|-------------|------------|----------|-------------|
| <b>Total (IN46M)</b> | <b>3,40</b> | <b>3,57</b> | <b>3,48</b> | <b>3,95</b> | <b>3,99</b> | <b>4,1</b> | <b>3,91</b> | <b>3,89</b> | <b>4,3</b> | <b>4</b> | <b>4,04</b> |

A Facultade de Historia da Universidade de Vigo obtivo no curso 2017-2018 a certificación do SGIC e a partir dese momento o obxectivo é corrixir aqueles aspectos detectados e mellorar a implantación do Sistema a todos os títulos que imparte. A facultade de Humanidades da Universidade de A Coruña acadou a súa certificación en 2010.

### **3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.

- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Tras o informe de seguimento (2014-1015) e despois de obter, en 2020, o informe favorable da ACSUG para a renovación da acreditación nunha 4ª edición do máster, as accións centráronse, especialmente, nas correspondentes accións de mellora, cuxo cumprimento foi satisfactorio. Aspectos como a sobrecarga de traballo nalgúns materias e á coordinación dos TFM mellorou substantivamente.

Así mesmo, a mellora relativa á Aula Virtual acadouse con éxito no curso 2020-21, e mantívose no curso 2021-22, 2022-23 e 2023-24, como estaba previsto, a través da xestión coordinada co Centro de Tecnoloxías para o Aprendizaxe (CETA-USC), quen da de alta forma individual a cada docente e estudante na plataforma Moodle da USC (polo momento non hai unha integración das plataformas das tres universidades galegas). A coordinación encárgase ao inicio do semestre de axilizar este trámite para que o estudiantado matriculado pola UDC e UVIGO, e o profesorado externo á USC (UDC, UVIGO e INCIPIT-CSIC), teñan acceso ao email e Moodle da USC canto antes.

Os resultados proporcionados pola área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC e os derivados do sistema reforzado de entrevistas periódicas realizadas pola coordinación académica, non evidencian a necesidade de efectuar modificacións en aspectos substanciais (plan de estudos, metodoloxía, profesorado, infraestrutura, etc.) da titulación, salvo o comentado nos subapartados concretos do presente Informe.

Así mesmo, as accións de mellora que se propuxeron nos anteriores Informes de seguimento, consecuencia das accións de análises levadas a cabo desde o SGC, fóronse executando con normalidade na súa maior parte, permitindo levar a cabo melloras concretas (que se recollen neste Informe) na impartición do título. En conclusión, pode afirmarse que se evidencia un funcionamento adecuado da titulación.

A mellora mais importante consistiu na posta en marcha, trala verificación oportuna pola ACSUG, no curso 2020-21, dunha nova edición do máster (a 4ª), que acolle xa a tódalas institucións docentes e investigadoras galegas vencelladas coa Arqueoloxía e a Historia Antiga. No curso 2022-2023 e 2023-24 amósanse todas as institucións ben integradas no sistema, cunha coordinación a través da Comisión Académica Interuniversitaria. Como foi comentado nun apartado anterior, a 4ª edición, que mellora os contidos das materias e engade materias de interese, necesarias para a titulación, consistiu en:

- Ofertar novas materias que completan a formación en Arqueoloxía e Historia Antiga: A materia obrigatoria de 'Iniciación á investigación en arqueoloxía e ciencias da Antigüidade', e as materias optativas 'Cultura material medieval e moderna', 'Arqueobotánica', 'Zooarqueoloxía'. No curso 2023-24 estase a traballar nunha nova materia optativa, "Bioarqueoloxía e ADN antigo", con vistas a ser tramitada durante o curso 2024/25 e impartida, de ser autorizada, a partir do curso 2025/26.
- Modificar lixeiramente a oferta nas materias xa existentes, acurtando a materia obrigatoria de 'Escavación arqueolóxica' a un semestre; e o 'Practicum', que pasa a ser materia obrigatoria seguindo a demanda de anos anteriores.

- Modificar os títulos das materias 'Epigrafía latina', 'Historia das relixións antigas', 'Historia antropolóxica do mundo antigo', 'Historia da arte grega' para axustarse mellor aos contidos impartidos.

No curso 2021-22, 2022-23 e 2023-24 continúaase con este enfoque, seguindo o sinalado na Memoria.

### **3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Dacordo co Sistema Marco de Garantía da Calidade, o sistema debe revisarse e actualizarse polo menos cada tres anos ou sempre que se produzan cambios na organización e/ou actividades do Centro, nas normas que lle afecten, ou como consecuencia de resultados de avaliacións ou revisións do SGIC. No ano 2013 a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da USC, aprobou unha simplificación documental do Sistema Marco de Garantía da Calidade que foi posteriormente adoptada pola Facultade de Dereito.

En outubro de 2014 realizouse unha nova modificación relativa aos indicadores e informes dispoñibles para o seguimento e mellora dos títulos.

En xullo de 2015 realizouse e aprobado unha revisión do Manual de Procesos e Procedementos, derivadas fundamentalmente da necesidade de adecuación a cambios normativos.

As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade no Centro que pretendeu e pretende continuamente a mellora da titulación do Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade. Preténdese que a titulación sexa un referente no ámbito do SUG, e tamén no conxunto do sistema universitario español.

## **DIMENSIÓN 2. RECURSOS**

### **CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:**

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

En relación co persoal académico do Máster, non existen novidades destacables con respecto ao anterior Informe de seguimento, polo que se considera que é suficiente e adecuado de acordo coas características do plan de estudos, a modalidade presencial, o número de estudantes e as competencias que deben alcanzar. Ademais, en termos xerais, o persoal académico recibe unha boa valoración por parte dos estudantes.

O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora e/ou experiencia profesional) exixido pola normativa vixente para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na Memoria verificada. Ademais, na maioría dos casos, o mesmo profesorado vén impartindo os mesmos contidos ao longo dos últimos anos, o cal lles aporta dunha experiencia moi útil. En diversas materias, os profesores proceden das tres universidades do SUG (USC, UVigo e UDC) e do INCIPIT-CSIC, e imparten os contidos da súa especialización. Asimesmo, contamos con colaboracións de profesorado de outras universidades españolas como da Universidade de León, para impartir algunhas horas nunha materia moi especializada (Zooarqueoloxía).

Cabe sinalar que o profesorado da UVigo e o de a UDC, e o profesorado colaborador da Universidade de León, realizan o esforzo suplementario de desprazarse a Santiago de Compostela para impartir a docencia. A UVigo facilita os medios económicos necesarios para compensar o prezo do transporte, e o profesorado da UDC ven á USC polos seus medios, mentres que a coordinación e a comisión académica do máster tentan deseñar uns horarios que faciliten os desprazamentos. Con todo, non excluimos que no futuro, de forma ocasional, haxa que recorrer á videoconferencia. As Comisións Académicas, tanto local como interuniversitaria, celébranse en formato presencial e online, tentando favorecer as adaptacións horarias e o menor desprazamento en coche, contribuíndo desta forma a un ambiente de conciliación entre os membros das comisións.

O profesorado conta cun alto nivel de cualificación. Como pode verse no informe de indicadores (IN25M), todos son doutores (100% nos cursos 2023-24, 2022-23, 2021-22 e 2020-21, 2019-20, 2018-19 e en 2017-18 fronte a 92% no 2016-17) e a maioría contan con sexenios de

investigación (IN24M) (o 100% no 2023-24, 2022-23; 91,67% no 2021-22, 100 % tanto no 2020-21 e 2019-20 e 2018-19 como en 2017-18 e en 2016-17).

Ata o momento, todos os docentes están en disposición de dirixir TFMs e de participar nos tribunais que os cualifican, unha tarefa gravosa que obriga a contar con todos os recursos dos que se dispón. Con todo, o número de profesores dispoñibles é suficiente para atender aos estudantes aínda que non posuímos de datos dende o 2016-17 (IN30M), non cremos que cambiase substancialmente a cociente de 1,93 estudantes matriculados por cada profesor con docencia a tempo completo. A media de alumnos nos grupos con docencia expositiva ou interactiva mantense estable entre 11 e 13 alumnos (11,7 no curso 2018-19), aínda que non hai datos para o curso 2019-20, a media mantense para o 2020-21 (11,35), 10,27 para o curso 2021-22, e 8,58% para o 2022-23 (IN32M), o que permite o emprego de metodoloxías dinámicas, participativas, tanto de traballo individual como en grupo. Constátase un elevado número de áreas de coñecemento implicadas: Arqueoloxía, Historia Antiga, Prehistoria, Edafoloxía e Historia da arte; grazas a esta diversidade, pódese atender ao carácter multidisciplinar que é propio do Máster.

A satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47M), que era tradicionalmente baixa, mellorou, pasando do 2,2 (2014-15) ao 2,89 (2015-16), 2,95 (2016-17), 3,83 (2017-18), 4,16 (2018-2019), 3,87 (2019-20), 3,47 (2020-21), 4,12 (2021-22) e 4,07 (2022-23). Podería interpretarse a lixeira baixa no curso 2020-21 por mor do COVID19, pois a pesar do desenrolo presencial das clases houbo moito desacougo a causa do temor aos contaxios e a existencia de baixas puntuais pero continuas, tanto de profesores como de estudantes, por contaxio e carentena. Estes factores complicaban o ritmo na docencia. Pero no ano 2021-22 todo volveu á normalidade nas clases, con índices que na actualidade parecen estabilizarse por riba de 4.

A introdución dunha nova normativa de TFM implicou, como xa sinalamos, o nomeamento dun profesor para a coordinación dos TFMs, co obxectivo de conseguir que todos os alumnos defendan o seu TFM en tempo e forma. Con todo, resulta necesario analizar coas autoridades universitarias competentes a carga horaria computable a cada profesor universitario que participa na materia do TFM, dado que o cómputo oficial resulta moi desaxustado conforme ás horas reais de dedicación.

En relación coas dinámicas docentes, ademais debemos salienta a existencia de actividades complementarias á mesma. Como cada ano organizamos unha actividade inaugural na que un ou unha profesional é invitado para dar unha conferencia. No curso 2021-22, impartiu a conferencia inaugural o Dr. Pedro Díaz del Río Español, do Instituto de Historia do CSIC en Madrid titulada “*La mina de sílex de Casa Montero (c. 5300 AC) de la intervención preventiva a la divulgación*” (14 de setembro de 2021, Aula Magna da Facultade de Xeografía e Historia). No curso 2022-23, a conferencia inaugural correu a cargo da Dra. María Cruz Berrocal, cunha ponencia titulada “*Proyecto NAO: Arqueología del primer colonialismo en el Pacífico*” (21 de setembro de 2022, Aula Magna da Facultade de Xeografía e Historia). No curso 2023-24, a conferencia inaugural correu a cargo do Dr. Rafael Rodríguez Martínez (Diputación de Pontevedra) (11 de setembro de 2023): “*Santa Clara de Pontevedra. 750 anos de clausura e proxecto*”.

As Xornadas de Arqueometría en Galicia, que habitualmente estábanse a celebrar en outubro de cada curso dende 2014, tiveron que posporse no 2019-20 por mor do Covid, pero voltaron a recuperarse no curso 2021-22. ‘VII Jornadas de Arqueometría en Galicia. Entre lo ritual y lo mundano’. Celebradas o 20 de outubro e o 3 de novembro de 2021 (10 horas), son xornadas de difusión organizadas e financiadas polo grupo de investigación EcoPast, con 200 inscritos, online (unha treintena de persoas) e presencial.

#### **4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.

- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A organización e a planificación do Máster comporta unha elevada carga de xestión académica-administrativa (publicidade do título, información pública, programación académica, coordinación dunha case cuarentena de profesores de moi diversa procedencia, implicación de tres universidades e o INCIPIT-CSIC con xestión e calendarios diferentes, apoio permanente ao alumnado e ao profesorado, cualificacións, actividades de calidade, material didáctico, infraestruturas, medios materiais, xestión económica, etc.) e de coordinación.

Toda esta actividade de xestión e coordinación recae, en xeral, sobre os diversos servizos de apoio administrativo de que dispón a USC para todos os títulos oficiais e propios (SXOPRA, UXAs, OAR, ATIC, CETA, Secretaría xeral, Asesoría xurídica, etc.); e, de maneira moito máis particular e directa, sobre a coordinación académica da titulación da USC, co apoio directo e permanente dun traballador dos servizos administrativos da USC, que viña sendo o posto adscrito ao departamento de Historia, este curso contamos ademais con persoal específico de apoio aos másteres na facultade.

Pola súa banda, a UVigo dispón dunha coordinadora académica do título que conta co apoio dunha Área nos servizos administrativos (para todos os másteres do Campus de Ourense), e a UDC conta cun coordinador académico do título que conta con apoio dos servizos administrativos para os másteres do Campus de Ferrol. O diferente funcionamento de diversos procesos e servizos entre as universidades, e especialmente a separación física das respectivas plataformas de xestión, supoñen un esforzo de coordinación engadido para os tres coordinadores académicos.

Merece especial mención a xestión das conxunturas xeradas polo desaxuste entre os calendarios das universidades tanto para cuestións de preinscrición e matrícula, xestión académica das cualificacións, calendario de elaboración e defensa do TFM, etc., que pouco a pouco vanse aproximando e de feito xa conseguíuse unificar as datas de avaliación no presente curso. Todas estas particularidades na xestión do título vanse solventando cun seguimento continuado, a través da colaboración activa e continuada por parte dos axentes implicados e o bo facer do profesorado do mestrado, o que supón un sobre-esforzo engadido que debe ser posto en relevo.

## **DIMENSIÓN 2. RECURSOS**

### **CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:**

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.**

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á

dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...

- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O máster impártese na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/equipamentos>). Ditas instalacións dispoñen, en termos xerais, dos recursos materiais, infraestruturas e servizos adecuados en función da natureza e modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir polos mesmos, permitindo os tamaños de grupo previstos, o desenvolvemento do programa formativo e o seu axuste ás metodoloxías de ensino-aprendizaxe. A descrición dos recursos materiais e servizos dispoñibles descríbese no apartado 7 da Memoria verificada de 2020, considerándose que segue sendo válida, coas especificacións que se efectúan no presente Informe.

Polo que se refire aos fondos bibliográficos, os estudantes do Máster teñen á súa disposición o servizo de bibliotecas da USC (en particular, as bibliotecas das facultades de Xeografía e Historia e de Filoloxía) que lles permiten acceder ao material bibliográfico e documental necesario para os ensinos do Máster. Con todo, a drástica diminución de recursos económicos para a Biblioteca está a minugar sensiblemente as posibilidades dos alumnos de obter a bibliografía necesaria para a docencia ou para a realización dos TFM. O alumnado da UVigo dispón dos recursos da Biblioteca Central do Campus de Ourense e o alumnado da UDC dispón da biblioteca Casa do Patín no Campus de Ferrol.

Respecto aos servizos de orientación académica e profesional, así como de atención ao estudante, resultan apropiados para dirixilos e orientalos en relación coa súa matrícula, necesidades especiais, cualificacións, certificados, recoñecementos e traslados, etc.; xa que ademais dos servizos xerais da USC e os específicos do campus de Ourense da UVigo e do Campus de Ferrol da UDC, tamén se dispón de programas propios de acollida e apoio ao estudante que lle orientan no funcionamento do Centro/institución e do Máster.

Ademais a USC proporciona subvencións para realizar Prácticas de Campo e saídas de visita, co que se realizaron varias vistas a xacementos arqueolóxicos no curso 2022-23 dentro da Comunidade, a Cidadela (Sobrado dos Monxes), Serra do Barbanza, Boiro e Pedra Castro no concello de Santiago de Compostela.

Finalmente, as Prácticas Académicas Externas (PAE) realízanse nas instalacións das diferentes entidades e organismos que colaboran nesta materia, procurando que os alumnos dispoñan dun lugar adecuado para a súa realización e a adquisición das correspondentes

competencias. Nesta 4ª edición debemos salientar que as PAEs convertéronse en obrigatorias, asegurando desta maneira que todos os estudantes poidan beneficiarse de elas.

Este ano retornouse ao calendario habitual da USC como á propia oferta das Prácticas, aínda que realizouse unha charla informativa previa á solicitude de praza para informar aos estudantes en profundidade sobre a oferta do curso, e engadiuse unha segunda convocatoria para flexibilizar as opcións de realizar ditas prácticas académicas. Voltáronse a recuperar os espazos cerrados, como museos, que tiveran que anularse no curso 2019-20 por non dispor das condicións adecuadas para o seu desenvolvemento durante a pandemia, aínda que continúan sendo priorizadas as PAE que implican traballo de campo coa finalidade de completar a formación recibida nas aulas.

Loxicamente o principal problema ao que se enfronta un máster con un perfil de arqueoloxía é a necesidade de recursos para ofrecer prácticas adecuadas. As PAE cumpren só parcialmente con este obxectivo. Unha das mellores vías para resolvelo é a adscrición dun xacemento ao título de forma permanente e por iso iniciamos unha relación de colaboración co concello da Coruña, xa que o castro de Elviña é un xacemento ideal para completar a formación no master. No curso 2019-20 comezouse coa primeira campaña de escavación, orientado á formación dos alumnos en PAE continuando nos cursos 2020-21, 2021-22, 2022-23 e 2023-24 con moito éxito.

Debemos destacar ademais que este ano houbo unha oferta de campo grande e con 2 escavacións contribuíndo a mellorar esta experiencia de campo e 4 museos e una empresa de arqueoloxía.

A relación final das prácticas asignadas para o curso 2023-24 foi a seguinte, xunto ao calendario:

| MÁSTER ARQUEOLOXÍA E CIENCIAS DA ANTIGÜIDADE |                                      |                                  |                                           |
|----------------------------------------------|--------------------------------------|----------------------------------|-------------------------------------------|
| ALUMNADO                                     | ENTIDADE PAEs                        | TUTOR ACADÉMICO PAE              | TUTOR PROFESIONAL PAE                     |
| Aneiras Morado, Antía                        | Concello de A Coruña                 | Francisco Javier González García | Marco Rivas Nodar                         |
| Bermúdez Calviño, Itziar                     | Concello de A Coruña                 | Francisco Javier González García | Marco Rivas Nodar                         |
| Brao Porto, Sara                             | Concello de Allariz                  | Adolfo Fernández Fernández       | Juan Antonio Seara Ferro                  |
| Carreira i Bausili, Anna                     | Concello de A Coruña                 | Francisco Javier González García | Marco Rivas Nodar                         |
| Cerdan Lobato, Kleyson Oswaldo               | Concello de Vilamartín de Valdeorras | José Carlos Sánchez Pardo        | Enrique Álvarez Barreiro                  |
| Conde Martínez, Brais                        | Árbore Arqueoloxía                   | Miguel Carrero Pazos             | Benito Vilas Estévez                      |
| Díaz López, Paula                            | Engobe Arqueoloxía                   | Miguel Carrero Pazos             | Roberto Bartolomé Abaira                  |
| Gázquez García, Ismael                       | Tempos Arqueólogos                   | María Pilar Prieto Martínez      | Mario César Vila/Francisco Alonso Toucido |
| Granda Romalde, Ignacio                      | Museo das Peregrinacións             | Fátima Díez Platas               | Roberto Aneiros García                    |
| Graña Moldes, David                          | Árbore Arqueoloxía                   | Miguel Carrero Pazos             | Benito Vilas Estévez                      |
| Guilera Iglesias, Cristina                   | Concello de Allariz                  | Adolfo Fernández Fernández       | Juan Antonio Seara Ferro                  |
| Kelfouni, Ihab                               | Concello de Vilamartín de Valdeorras | José Carlos Sánchez Pardo        | Enrique Álvarez Barreiro                  |
| Novo Vázquez, Estela                         | Concello de A Coruña                 | Francisco Javier González        | Marco Rivas Nodar                         |

|                                |                                      |                                  |                                           |
|--------------------------------|--------------------------------------|----------------------------------|-------------------------------------------|
|                                |                                      | García                           |                                           |
| Otero Gil, Rocío               | Concello de A Coruña                 | Francisco Javier González García | Marco Rivas Nodar                         |
| Ouhdach, Brahim                | Tempos Arqueólogos                   | María Pilar Prieto Martínez      | Mario César Vila/Francisco Alonso Toucido |
| Pérez Castro, Sabela           | Concello de A Coruña                 | Francisco Javier González García | Marco Rivas Nodar                         |
| Portas Otero, Alexandre        | Museo das Peregrinacións             | Fátima Díez Platas               | Roberto Aneiros García                    |
| Reyes de la Peña, Paula de los | Concello de Vilamartín de Valdeorras | José Carlos Sánchez Pardo        | Enrique Álvarez Barreiro                  |

| Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade<br>Calendario Prácticas Académicas Externas (PAEs) |                                                     |             |                                    |              |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------|-------------|------------------------------------|--------------|
| DATA DE INICIO (2024)                                                                                                 | PROCESO                                             | DATA LÍMITE | IMPRESO ASOCIADO                   | OPORTUNIDADE |
| 15 de febrero                                                                                                         | Oferta e publicidade das PAE                        |             |                                    |              |
| 23 de febrero                                                                                                         | Charla Informativa                                  |             |                                    |              |
| 23 de febrero                                                                                                         | Solicitude das PAE                                  | 8 de marzo  | ANEXO I – Formulario de solicitude |              |
| 12 de marzo                                                                                                           | Publicación das listaxes provisionáis. Reclamacións | 19 de marzo |                                    |              |
| 22 de marzo                                                                                                           | Publicacións das listaxes definitivas               |             |                                    |              |
| 5-30 de mayo                                                                                                          | Periodo de prácticas                                |             |                                    | 1ª           |
|                                                                                                                       | Entrega de memoria de prácticas                     | 10 de junio |                                    |              |
| 3 junio – 12 julio                                                                                                    | Periodo de prácticas                                |             |                                    | 2ª           |
|                                                                                                                       | Entrega de memoria de prácticas                     | 15 de julio |                                    |              |

Ao comezo do segundo semestre do curso 2020-21 empezou a negociación para asinar un convenio de colaboración entre a USC e o Concello de Santiago de Compostela para dispor dun xacemento arqueolóxico accesible sistematicamente para a docencia das materias de arqueoloxía do master. O castro denominado Pedra Castro, localizado ao norte da cidade, na parroquia de Santa Cristina de Fecha, é propiedade do concello e permite facer prácticas de pequena envergadura na docencia cotiá. Dado que non hai financiación específica para esta colaboración polo momento, orientáranse as actividades das materias a través dalgunhas prácticas de campo nese xacemento, aproveitando que a USC financia desprazamento de estudantes.

O Convenio foi asinado finalmente con data 15 de marzo de 2020, para o desenvolvemento de actividades docentes en arqueoloxía en Pedra Castro, e se estenderá catro anos prorrogables. A primeira memoria foi entregada a finais do curso académico 2021-22. No curso académico 2020-21 realizáronse actividades docentes no castro en 5 materias. Aínda que non estaba asinado o convenio, o concello proporcionou o permiso para realizar unha actividade docente conxunta de dúas materias do primeiro semestre: 'Prospección Arqueolóxica', 'Procesado e xestión da evidencia arqueolóxica'. E xa no segundo semestre, despois de asinar o convenio leváronse dúas actividades docentes no xacemento, unha desenrolada no marco de dúas materias, 'Lexislación e xestión da actividade arqueolóxica' e 'Cultura material medieval e moderna', e outra vinculada na materia de 'Arqueoloxía Pública'. Esta actividade tivo moi boa acollida entre os estudantes. No curso académico 2021-2022, realizáronse actividades docentes no castro en 5 materias: "Prospección arqueolóxica (obrigatoria, primeiro semestre); Procesado e xestión da evidencia arqueolóxica (obrigatoria, primeiro semestre); Lexislación e xestión da actividade arqueolóxica

(obrigatoria, segundo semestre); Cultura material medieval e moderna (optativa, segundo semestre); Arqueoloxía pública (optativa, segundo semestre). No curso académico 2022-23, 3 materias incorporaron actividades docentes en Pedra Castro: Prospección Arqueolóxica (obrigatoria, primeiro semestre); Procesado e xestión da evidencia arqueolóxica (obrigatoria, primeiro semestre); Cultura material medieval e moderna (optativa, segundo semestre). No curso académico 2023-24, o convenio queda pendente de renovación, en vías de negociación co concello.

### **DIMENSIÓN 3. RESULTADOS**

#### **CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:**

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.**

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### **6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os resultados de aprendizaxe son coherentes co perfil de egreso, satisfacen os obxectivos do programa formativo e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Pola súa banda, como se evidencia en apartados anteriores do presente Informe, o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistema de avaliación e cualificación constitúen factores especialmente relevantes que contribúen claramente á consecución dos resultados de aprendizaxe que téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

A regulación do procedemento na USC para a valoración do progreso e os resultados da aprendizaxe dos estudantes está contida na Normativa de Avaliación do Rendemento Académico e de revisión de cualificacións, que conleva a aprobación con antelación suficiente e para cada curso académico, do programa académico correspondente pola Comisión Académica do Máster, a partir das informacións facilitada polos departamentos. Ademais deste procedemento, a valoración do progreso e dos resultados da aprendizaxe contéplanse tamén no procedemento de Avaliación da Aprendizaxe do SGC. Desta maneira a USC avalía o rendemento xeral dos estudantes a través dunha variedade de indicadores homologados.

As actividades académicas desenvólvense cunha perfecta planificación en tanto na USC como na UVigo e na UDC, seguindo os períodos previstos na programación académica anual xeneral das tres universidades, respecto do PDA, POD, guías docentes das materias, calendarios (clases, prácticas externas, exames, traballos de fin de máster, etc.). Esta información, tras a súa aprobación nos mecanismos pertinentes, é pública e se estende sobre as actividades

encomendadas, contidos impartidos, metodoloxías empregadas, sistemas comprobativos da adquisición de coñecementos, etc. A adecuada programación e a correcta e puntual execución das actividades formativas, considérase que é un dos elementos decisivos para a consecución dos elevados resultados de aprendizaxe que se expoñen nos apartados seguintes do Informe (no seguinte apartado, criterio 7).

Ao anterior contribúe tamén, a adecuada estrutura do plan de estudos, a dedicación do profesorado interno e externo (CSIC), o carácter eminentemente práctico dos estudos, o atractivo engadido de contar con profesorado externo con cualificación e metodoloxías diferentes ás do profesorado universitario, o dispoñer dun PAS en diario contacto co alumnado e profesorado para apoiarlles no seu labor docente e discente, a constante preocupación da coordinación por coñecer de primeira man o desenvolvemento diario dos ensinos.

### **DIMENSIÓN 3. RESULTADOS**

#### **CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:**

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### **7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Polo que se refire aos indicadores de resultados proporcionados pola área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, evidénciase tamén unha evolución favorable dacordo coas características do título.

a) A taxa de rendemento global (IN34M) mostra unha melloría xeral co paso dos anos, pois aínda que no curso 16-17 a cifra descendeu do 92,31 (curso 2015-16) ao 86,34; no 2017-18 recuperouse levemente (90,17), sendo superada en 2018-19 con 95,17. O pequeno descenso no curso 2019-20 que continua no curso 2020-21 pode ser consecuencia da pandemia, pero o descenso continua no curso 2021-22, e non sabemos os motivos, probablemente o Covid podería ter un impacto mais grande do esperado en cursos posteriores, ou circunstancias persoais dalgúns estudantes foron causa deste descenso. Esta taxa está xusto no medio da taxa das restantes titulacións da facultade de Xeografía e Historia. No ano 2022-23 obsérvase un importante aumento na taxa de rendemento, cun índice de 86,47, o que significa que o rendemento está en alza dende o ano 2020, recuperando valores máis elevados progresivamente. No curso 2023-24, a taxa de rendemento baixa ao 81,14%, por motivos descoñecidos, aínda que en todo caso se observa un proceso de recuperación de valores máis elevados progresivamente.

|                         | 2014-15      | 2015-16      | 2016-17      | 2017-18      | 2018-19      | 2019-20      | 2020-21      | 2021-22      | 2022-23      | 2023-24      |
|-------------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| <b>Total (%) IN34M)</b> | <b>91,44</b> | <b>92,36</b> | <b>86,34</b> | <b>90,17</b> | <b>95,17</b> | <b>90,79</b> | <b>83,54</b> | <b>81,23</b> | <b>86,47</b> | <b>81,14</b> |

b) A taxa de éxito global (IN35M) mantense e resulta satisfactoria, tanto no curso 2016-17 (97,38) como no 2017-18 (97,61), sendo en 2018-19 de 100%, e pasando no curso 2019-20 ao 99,16%. No curso 2020-21 e 2021-22 é semellante, pero descende algo máis. No curso 2022-23 o índice practicamente se mantén, con valores moi similares aos anos anteriores. No curso 2023-24 manténse á alza, cun 99,06% de taxa de éxito. Esta taxa está por riba da taxa das restantes titulacións da facultade de Xeografía e Historia.

|                          | 2014-15      | 2015-16       | 2016-17      | 2017-18      | 2018-19       | 2019-20      | 2020-21      | 2021-22     | 2022-23      | 2023-24      |
|--------------------------|--------------|---------------|--------------|--------------|---------------|--------------|--------------|-------------|--------------|--------------|
| <b>Total (%) (IN35M)</b> | <b>99,13</b> | <b>100,00</b> | <b>97,38</b> | <b>97,61</b> | <b>100,00</b> | <b>99,16</b> | <b>98,80</b> | <b>98,7</b> | <b>98,66</b> | <b>99,06</b> |

c) A taxa de avaliación global (IN36M) segue a mesma tendencia, é dicir, unha leve caída no curso 2016-17 (88,66) e unha recuperación en 2017-18 (92,38), superándose en 2018-19, chegando ao 95,17 e baixando lixeiramente no curso 2019-20 e no curso 2020-21, esta taxa segue en lixeiro descenso no curso 2021-22. No curso académico 2022-23, a taxa de avaliación elevouse de novo ata o 87,65, con índices próximos a anos anteriores (2016-17). No curso 2023-24, a tendencia foi á baixa, cun 81,91%, volvendo a índices de 2020. A taxa está xusto en medio da taxa das restantes titulacións da facultade de Xeografía e Historia.

|                          | 2014-15      | 2015-16      | 2016-17      | 2017-18      | 2018-19      | 2019-20      | 2020-21      | 2021-22      | 2022-23      | 2023-24      |
|--------------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| <b>Total (%) (IN36M)</b> | <b>92,25</b> | <b>92,36</b> | <b>88,66</b> | <b>92,38</b> | <b>95,17</b> | <b>91,56</b> | <b>84,56</b> | <b>82,31</b> | <b>87,65</b> | <b>81,91</b> |

d) A taxa de abandono global (IN41M) foi do 10,53% no curso 2015-16, ascendendo a un 25% en 2017-18, e reducíndose notablemente a un 10% en 2018-19 e ata un 6% no curso 2019-20. Para o curso 2020-21 non hai datos dispoñibles por ser o primeiro ano da 4ª edición e para o curso 2021-22 a taxa é de 10,53% como no curso 2015-16.. Nembargantes hai unha taxa de abandono do 5,26% no último ano da 3ª edición, neste caso algunhas materias de segundo semestre foron abandonadas, xusto no momento no que xurdiron os problemas da pandemia, estes estudantes non voltaron a matricularse no curso 2020-21. No curso 2022-23, a taxa de abandono ascende lixeiramente, con 11,76, pero no curso 2023-24 observamos que volve a baixar, ata o 6,67%. Esta taxa está moi por debaixo da taxa das restantes titulacións da facultade de Xeografía e Historia.

e) A taxa de graduación global (IN37M) seguiu unha traxectoria coherente coa taxa de abandono global: pasa do 73,68% no curso 2015-16, ao 95% no 2016-17 e 75% no 2017-18, e 90% en 2018-19 e sigue mellorando no curso 2019-20 co 94,44%. Non hai datos para o curso 2020-21 por ser o primeiro ano da 4ª edición, pero para a 3ª edición é o 78,95%, e nos curso 2021-22 e 2022-23 volveu a baixar un pouco a 73,68% e 70,59% respectivamente, relacionado isto coa taxa de abandono que se mencionou no punto anterior, e que podería ser un efecto prolongado da pandemia, como se comentou anteriormente. Tamén podería ser consecuencia de circunstancias persoais dos estudantes. Proba disto é que no curso 2023-24, a taxa de abandono baixa ao 6,67%.

|                          | 2014-15  | 2015-16      | 2016-17      | 2017-18      | 2018-19      | 2019-20      | 2020-21  | 2021-22      | 2022-23      | 2023-24       |
|--------------------------|----------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|----------|--------------|--------------|---------------|
| <b>Total (%) (IN37M)</b> | <b>-</b> | <b>73,68</b> | <b>95,00</b> | <b>75,00</b> | <b>90,00</b> | <b>94,44</b> | <b>-</b> | <b>73,68</b> | <b>70,59</b> | <b>66,67%</b> |

f) O tempo medio que empregan os estudantes en superar o Máster (IN38M) recuperouse paulatinamente, pasando de 1,25 anos en 2015-2016 a 1,71 no 2016-17 e, de novo, a 1,29 no 2017-18, sendo en 2018-19 de 1,38 e no curso 2019-20 dun 1,33, baixando un pouco máis en 2020-21 a 1,09. Situándose bastante ben fronte a outros másters que poden alcanzar ata 3 anos a

duración media, entre eles o último ano da 3ª edición do master de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade que alcanzou 2 anos de media de duración do estudio da titulación (por pandemia). No curso 2021-22 volta aos tempos da terceira edición que rondan o ano e medio (1,57), índice que parece manterse, cun lixeiro incremento, no curso 2022-23 (1,76) e unha lixeira baixada no curso 2023-24 (1,27).

|                      | 2014-15     | 2015-16     | 2016-17     | 2017-18     | 2018-19     | 2019-20     | 2020-21     | 2021-22     | 2022-23     | 2023-24    |
|----------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|------------|
| <b>Total (IN38M)</b> | <b>1,00</b> | <b>1,24</b> | <b>1,71</b> | <b>1,29</b> | <b>1,38</b> | <b>1,33</b> | <b>1,09</b> | <b>1,57</b> | <b>1,76</b> | <b>1,7</b> |

Habitualmente a prolongación de máis dun ano para o desenrolo do curso académico é sempre debido á dificultade dalgúns alumnos para terminar o TFM dentro do ano previsto. Problemática que no curso 2019-20 fíxose máis complexa polo COVID19, que provocou que unha boa parte dos estudantes defendera o TFM o mes de setembro e no curso seguinte. O encerro obrigado pola pandemia e a situación sanitaria complicou o desenrolo normal do curso e provocou situacións persoais limitantes (relacionada coa saúde física e psicolóxica). No curso 2020-21 mellorou en xeral a situación, pero vemos que se volve un pouco á dinámica precedente no curso 2021-22, 2022-23 e 2023-24: o TFM deixase habitualmente para defender no curso seguinte.

En conclusión, as taxas de resultados mostran unhas porcentaxes ben situadas en relación ca media da USC e mantéñense nunhas porcentaxes moi elevadas e estables. Neste sentido, considérase que a calidade e o éxito do Máster quedan demostrados con resultados cuantitativos. Así mesmo, aos devanditos resultados positivos contribúe de forma decisiva o grao de implicación, a atracción que proporciona o carácter práctico profesionalizante e investigador dos estudos, o sistema de titorías, control e seguimento que se efectúa sobre o alumnado e a dedicación, constancia e dispoñibilidade do profesorado, entre outros factores.

## **7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A evolución das enquisas de satisfacción dos alumnos (IN46M) é progresivamente favorable ata o curso 2018-19, e no curso 2019-20 e no curso 2020-21 descendeu un pouco, probablemente pola situación xerada pola pandemia que ten perduración neste curso tamén. No curso 2021-22 ascendeu a 4,3 (sobre 5); no curso 2022-23 rexístrase unha lixeira baixa ao 4,0, que parece estar en vías de recuperación no curso 2023-24 (4,04).

|                          | 2014-15     | 2015-16     | 2016-17     | 2017-18     | 2018-19     | 2019-20     | 2020-21     | 2021-22    | 2022-23    | 2023-24     |
|--------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|------------|------------|-------------|
| <b>Total (%) (IN46M)</b> | <b>3,57</b> | <b>3,48</b> | <b>3,95</b> | <b>3,99</b> | <b>4,10</b> | <b>3,91</b> | <b>3,89</b> | <b>4,3</b> | <b>4,0</b> | <b>4,04</b> |

A mesma tendencia nas enquisas do profesorado (IN47M), que pasan dun 3,41 no curso 2020-21, a un 4,12 no curso 2021-22 e un 4,07 no curso 2022-23.

Máis preocupante son as porcentaxes de resposta nas enquisas (IN48M). Por una banda, obsérvase un aumento da participación ata 2020-21, pero hai una baixada moi forte no curso 2021-22, pasando a un 16,67% de resposta, e unha subida importante (20,0) pero insuficiente no curso 2022-23, a pesar da insistencia para que as enquisas sexan cubertas. No curso 2023-24 introducíronse avisos reiterados ao alumnado dende a coordinación, salientando a relevancia de

cubrir as enquisas, o que parece revertir, aínda que mínimamente, a situación (34,62).

As accións de mellora introducidas no curso 2023-24 (avisos reiterados, etc.) parecen estar funcionando, pero volven a non ser o suficientemente efectivas. Lonxe de ser unha casuística específica desta titulación, é algo extensible ó resto das titulacións da Facultade de Xeografía e Historia, nas que se ten rexistrado unha representatividade baixa nas enquisas de satisfacción.

|                          | 2014-15      | 2015-16      | 2016-17   | 2017-18   | 2018-19      | 2019-20      | 2020-21      | 2021-22      | 2022-23     | 2023-24      |
|--------------------------|--------------|--------------|-----------|-----------|--------------|--------------|--------------|--------------|-------------|--------------|
| <b>Total (%) (IN48M)</b> | <b>57,14</b> | <b>27,27</b> | <b>50</b> | <b>40</b> | <b>52,38</b> | <b>52,38</b> | <b>52,38</b> | <b>16,67</b> | <b>20,0</b> | <b>34,62</b> |

Con todo, desde a coordinación do máster realízase unha enquisa propia en papel obrigatoria (non tan cuantitativa, e máis centrada nos aspectos específicos do título) e que, ao realizarse de xeito presencial (non virtual) e en horario de clase, obtemos unha participación próxima ao 90-95%, aínda que no 2020-21 e 2021-22 descendeu ao 50% de novo. No curso 2022-23 alcanzouse unha ampla representatividade, sendo respostada polo 90% do alumnado matriculado. De forma semellante ocorreu no curso 2023-24. En canto á media da titulación do máster nas enquisas de avaliación realizadas pola institución para o curso 2021-22, a puntuación é de 4,3, a máis alta desde que son tomados datos na USC.

### **7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.**

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Sobre este aspecto non contamos con datos. No “Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no Sistema Universitario de Galicia” elaborado pola ACSUG, a enquisa (elaborada entre xuño e xullo de 2015) é anterior ao período ao que se refire este informe (curso 2019-20), ademais ten un carácter xeral, e só estuda un único caso concreto: o máster de profesorado. Esta situación perxudica claramente o desenrolo do master cara a acadar bolsas ou orzamento en convocatorias públicas.

| <u>3.MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS</u> |               |
|-------------------------------------------|---------------|
| MODIFICACIÓN                              | XUSTIFICACIÓN |
| Non hai                                   |               |

| 4. <u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u> |    |                                                                                                                                                                                                                                               |                                       |
|-----------------------------------------------|----|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------|
| Criterio<br>s                                 | Nº | Evidencia / Indicador                                                                                                                                                                                                                         | Documento/enlace                      |
| Todos                                         | E1 | Memoria Vixente do título                                                                                                                                                                                                                     | ACSUG                                 |
| Todos                                         | E2 | Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora                                                                                                                                                              | ACSUG                                 |
| 1                                             | E3 | Análise do perfil real de ingreso/egreso                                                                                                                                                                                                      | Autoinforme, Criterio 1               |
| 1,6                                           | E4 | Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)                                                                                                  | <a href="#">Web do Título</a>         |
| 1,3                                           | E5 | Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)                | Enlace web ou PDF                     |
| 1                                             | E6 | Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos                                                                                                                                                                               | Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD) |
| 1,6                                           | E8 | Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe | Autoinforme, Criterios 1 e 6          |
| 1,7                                           | I1 |                                                                                                                                                                                                                                               | 4317354_P.Ind_2023-2024               |

|   |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |                               |
|---|-----|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------|
|   |     | Número de estudantes de novo ingreso por curso académico                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              | 4317354_INF.16_2023-2024      |
|   |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | 4317354_INF.CiUG_2023-2024    |
| 1 | I2  | No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | --                            |
| 1 | I3  | Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)                                                                                                                                                                                                                                                                                                      | 4317354_P.Ind_2023-2024       |
|   |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | 5075_INF.03_2023-2024         |
| 2 | E9  | Páxina web da universidade/centro/título o (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                | <a href="#">Web da USC</a>    |
|   |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | <a href="#">Web do Centro</a> |
|   |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | <a href="#">Web do Título</a> |
| 3 | E10 | Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      | <a href="#">Web do Centro</a> |
| 3 | E11 | Evidencias da implantación dos procedementos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública) | <a href="#">Web do Centro</a> |

|       |         |                                                                                                                                                       |                                                  |
|-------|---------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------|
| 3,7   | E1<br>2 | Plans de mellora derivados da implantación do SGC                                                                                                     | <a href="#">Web do Centro</a>                    |
| 3,7   | E1<br>3 | Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)                                                                      | Autoinforme, Criterios 3 e 7<br>Actas o informes |
| Todos | I4      | Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título                                                                      | 4317354_P.Ind_2023-2024                          |
|       |         |                                                                                                                                                       | 4317354_INF.04_2023-2024                         |
|       |         |                                                                                                                                                       | 5075_INF.05_2023-2024                            |
|       |         |                                                                                                                                                       | 4317354_INF.06_2023-2024                         |
|       |         |                                                                                                                                                       | 2501097_INF.07_2023-2024                         |
|       |         |                                                                                                                                                       | 4317354_INF.08_2023-2024                         |
|       |         |                                                                                                                                                       | 4317354_INF.09_2023-2024                         |
|       |         |                                                                                                                                                       | 4317354_INF.10_2023-2024                         |
|       |         |                                                                                                                                                       | 4317354_INF.11_2023-2024                         |
|       |         |                                                                                                                                                       | 4317354_INF.13_2023-2024                         |
|       |         |                                                                                                                                                       | 4317354_INF.14_2023-2024                         |
|       |         |                                                                                                                                                       | 5075_INF.21_2023-2024                            |
|       |         |                                                                                                                                                       | 4317354_INF.22_2023-2024                         |
|       |         |                                                                                                                                                       | 4317354_INF.23_2023-2024                         |
|       |         |                                                                                                                                                       | 4317354_Informe_de_indicadores_2023-2024         |
| 3     | I5      | Resultados dos indicadores que integran o SGC                                                                                                         | 4317354_P.Ind_2023-2024                          |
|       |         |                                                                                                                                                       | 4317354_Informe_de_indicadores_2023-2024         |
| 4     | E1<br>5 | Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc) | 4317354_E15_4ªed_2023-2024                       |
| 4     | E1<br>6 | Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)                                                                    | 5075_E16_2023-2024                               |
| 4     | E1<br>7 | Análise das enquisas de avaliación da docencia (%)                                                                                                    | Autoinforme, Criterio 4<br>Actas e informes      |

|   |     |                                                                                                                                                |                                          |
|---|-----|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------|
|   |     | participación, resultados, evolución, ... )                                                                                                    |                                          |
| 4 | I6  | Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas             | 5075_I6-I7_2023-2024                     |
| 4 | I7  | Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas                     | 5075_I6-I7_2023-2024                     |
| 4 | I8  | Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,... )                                                 | 4317354_INF.13_2022-2023                 |
|   |     |                                                                                                                                                | 4317354_INF.14_2023-2024                 |
| 4 | I10 | Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título) | 5075_I10_2023-2024                       |
| 5 | E18 | Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título                                                                    | <a href="#">Web do Centro</a>            |
| 5 | E19 | Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida                                                                    | <a href="#">Web do Centro</a>            |
| 5 | E20 | Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares                                       | Enlace web ou PDF (Axunto neste informe) |
| 5 | I11 | Distribución alumnado por centros de prácticas                                                                                                 | Enlace web ou PDF (Axunto neste informe) |
| 5 | E22 | Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia                                                                | <a href="#">Campus Virtual</a>           |
| 6 | E24 | Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al                                                                                                 | <a href="#">Enlace web</a>               |

|       |         |                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |                                                                                                 |
|-------|---------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------|
|       |         | menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)                                                                                                                                                                                                                                          |                                                                                                 |
| 6     | E2<br>5 | Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título                                                                                                                                                                                                                                      | 4317354_INF_15_2023-2024                                                                        |
| 6     | E2<br>6 | Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe                                                                                                                                                                                                                           | Autoinforme, Criterio 6<br>Actas o informes                                                     |
| 7     | E3<br>0 | Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)                                                                                                                                                                                                 | Autoinforme, Criterio 7<br>Actas o informes                                                     |
| 6,7   | I12     | Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia):<br>- Taxa de graduación<br>- Taxa de abandono<br>- Taxa de eficiencia<br>- Taxa de rendimientto<br>- Taxa de éxito<br>- Taxa de avaliación | 4317354_P.Ind_2023-2024                                                                         |
|       |         |                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | 4317354_INF.17_2023-2024                                                                        |
|       |         |                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | 4317354_INF.18_2023-2024                                                                        |
|       |         |                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | 4317354_INF.19_2023-2024                                                                        |
|       |         |                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | 4317354_INF_SIIU_2023-2024                                                                      |
|       |         |                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | 4317354_Informe_de_indicadores_2023-2024                                                        |
| 7     | I13     | Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso                                                                                                                                                                                                                                                       | 4317354_P.Ind_2023-2024                                                                         |
|       |         |                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | 4317354_INF.CiUG_2023-2024                                                                      |
|       |         |                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | 4317354_Informe_de_indicadores_22023-2024                                                       |
| 7     | I14     | Resultados de inserción laboral                                                                                                                                                                                                                                                                             | 4317354_EIL-SIIU_2023-2024<br>4317354_EIL-ACSUG_2023-2024                                       |
| 1,4,5 | I15     | Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)                                                                                                                                                                                                                               | 4317354_P.Ind_2023-2024<br>4317354_Informe_de_indicadores_2023-2024<br>4317354_MedUSC_2023-2024 |

**Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e distribución de alumnado por centros de prácticas, curso 2023-24**

| ALUMNADO                       | ENTIDADE PAEs                        | TUTOR/A ACADÉMICO PAE            | TUTOR/A PROFESIONAL PAE                   |
|--------------------------------|--------------------------------------|----------------------------------|-------------------------------------------|
| Aneiras Morado, Antía          | Concello de A Coruña                 | Francisco Javier González García | Marco Rivas Nodar                         |
| Bermúdez Calviño, Itziar       | Concello de A Coruña                 | Francisco Javier González García | Marco Rivas Nodar                         |
| Brao Porto, Sara               | Concello de Allariz                  | Adolfo Fernández Fernández       | Juan Antonio Seara Ferro                  |
| Carreira i Bausili, Anna       | Concello de A Coruña                 | Francisco Javier González García | Marco Rivas Nodar                         |
| Cerdan Lobato, Kleyson Oswaldo | Concello de Vilamartín de Valdeorras | José Carlos Sánchez Pardo        | Enrique Álvarez Barreiro                  |
| Conde Martínez, Brais          | Árbore Arqueoloxía                   | Miguel Carrero Pazos             | Benito Vilas Estévez                      |
| Díaz López, Paula              | Engobe Arqueoloxía                   | Miguel Carrero Pazos             | Roberto Bartolomé Abaira                  |
| Gázquez García, Ismael         | Tempos Arqueólogos                   | María Pilar Prieto Martínez      | Mario César Vila/Francisco Alonso Toucido |
| Granda Romalde, Ignacio        | Museo das Peregrinacións             | Fátima Díez Platas               | Roberto Aneiros García                    |
| Graña Moldes, David            | Árbore Arqueoloxía                   | Miguel Carrero Pazos             | Benito Vilas Estévez                      |
| Guilera Iglesias, Cristina     | Concello de Allariz                  | Adolfo Fernández Fernández       | Juan Antonio Seara Ferro                  |
| Kelfouni, Ihab                 | Concello de Vilamartín de Valdeorras | José Carlos Sánchez Pardo        | Enrique Álvarez Barreiro                  |
| Novo Vázquez, Estela           | Concello de A Coruña                 | Francisco Javier González García | Marco Rivas Nodar                         |
| Otero Gil, Rocío               | Concello de A Coruña                 | Francisco Javier González García | Marco Rivas Nodar                         |
| Ouhdach, Brahim                | Tempos Arqueólogos                   | María Pilar Prieto Martínez      | Mario César Vila/Francisco Alonso Toucido |
| Pérez Castro, Sabela           | Concello de A Coruña                 | Francisco Javier González García | Marco Rivas Nodar                         |
| Portas Otero, Alexandre        | Museo das Peregrinacións             | Fátima Díez Platas               | Roberto Aneiros García                    |
| Reyes de la Peña, Paula de los | Concello de Vilamartín de Valdeorras | José Carlos Sánchez Pardo        | Enrique Álvarez Barreiro                  |

# **ACTAS DA COMISIÓN ACADÉMICA LOCAL DO MASTER**

**CURSO 2023-2024**

Actas: datas

29/09/2023  
05/10/2023  
11/11/2023  
22/11/2023  
14/12/2023  
20/12/2023  
15/01/2024  
25/01/2024  
20/02/2024  
18/04/2024  
20/04/2024  
15/05/2024  
20/05/2024  
26/06/2024  
23/07/2024

# **ACTAS DA COMISIÓN ACADÉMICA INTERUNIVERSITARIA DO MASTER**

**CURSO 2023-2024**

Actas: datas

05/10/2023  
14/12/2023  
15/01/2024  
25/01/2024  
06/02/2024  
18/04/2024  
20/05/2024  
26/06/2024

## **ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA LOCAL DO MÁSTER EN “ARQUEOLOXÍA E CIENCIAS DA ANTIGÜIDADE” CELEBRADA O 29 DE SETEMBRO DE 2023**

As 10:04 horas do día 29 de Setembro de 2023 reunense en sesión ordinaria os membros da Comisión Académica local do Máster de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade no Seminario de Historia Antiga da facultade de Xeografía e Historia para tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación se procede de actas precedentes (06-07-2023)
2. Informe do coordinador
3. Composición da comisión académica
4. Actualización do financiamento do máster
5. Solicitud de modificación, se procede, de profesorado na materia Patrimonio Arqueolóxico e Sociedade
6. Solicitud de apoio de Sergio Sánchez García con respecto á actuación arqueolóxica "Posta en valor do Foxo do lobo de Chaguazoso (Vilariño de Conxo, Ourense)"
7. Rogos e preguntas

Asistentes: Miguel Carrero Pazos, José Carlos Sánchez Pardo, Javier González García, Pedro López Barja de Quiroga, David Barreiro, Sara Brao Porto, Cristina Guilera Iglesias.

### **1. APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES**

Apróbanse as actas do 06-07-23

### **2. INFORME DO COORDINADOR**

Comeza o coordinador comentando o número de matriculados: 40 en total

- USC: 32 (23 novos; 9 de anos anteriores, algúns a tempo parcial, outros só TFMs)
- UDC: 6
- UVigo: 2

De todos modos na USC (cun total de 25 prazas) aínda está aberto o prazo de inscrición, desde o 21 de setembro ata o 2 de outubro.

Coméntase que é un número elevado e pouco operativo e as representantes de alumnos din que efectivamente teñen problemas de cabida no laboratorio (aula 1), na materia de “Procesado da evidencia arqueolóxica”. Javier González considera necesario discutir un límite de prazas mais baixo.

Sobre alumnos con dispensa e tempo parcial: Graeme Driscoll e Alejandro Ramil Blanco, matriculados na UDC, teñen concedida a dedicación a tempo parcial, e solicitada dispensa. Se a resolución é positiva (algo que informará Juan Luís Fenollós), informarase ó profesorado para que os avalíe por dispensa. Javier González indica que non fará titorías específicas para estes alumnos con dispensa.

Tamén informa de cambios en horarios no segundo semestre. Hai un cambio de día entre Historia da arte grego e Lexislación da actividade arqueolóxica por cuestións de conflito horario da profesora Fátima Díez Pratas. Historia da arte

grego pasará a ser os martes de 9 a 10.30 e Lexislación da actividade arqueolóxica que imparte José Carlos Sánchez Pardo, pasará a impartirse os mércores de 9 a 10.30. Ambos os profesores xa foron informados e aceptaron os cambios.

Tamén solucionouse un problema de aulas para as materias de técnicas instrumentais. Desde a coordinación enviárase por email o horario actualizado. Outro cambio menor no POD: solicitude de Leticia Tobalina e Jorge Rouco de nova repartición de horas para a materia de prospección arqueolóxica. Jorge Rouco vaise de escavación e non pode facer fronte a todas as horas. Quedaría Leticia Tobalina: 16h e Jorge Rouco Collazo: 9h.

Tamén informase de 2 sesións de información sobre as liñas de investigación nos TFMs. Presencial (29 sept Aula 8) e en liña (2 de outubro en liña, 16.30). Colgarase a ficha do Google forms no campus virtual da coordinación para que o alumnado teña constancia.

Por último é necesario fixar unha data límite para que o alumnado decida tema e titor/res. Decídese fixar o 31 de Outubro.

### 3. COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Foi recibida a dimisión de Susana Reboreda como coordinadora pola Universidade de Vigo, sendo substituída por Fermín Pérez Losada. Tamén cesaron os representantes de estudantes do curso pasado e aprobanse dous novos. Os estudantes que cesan son Aitana Argibay Ares e Manuel Leiras Camiño, e as estudantes novas que se postulan son Sara Brao Porto e Cristina Guilera Iglesias. Xa foron aprobadas en Xunta de Facultade e nomeadas polo reitor.

Por outro lado, hai unha solicitude para formar parte da comisión académica na área de Prehistoria, de Edgard Camarós, investigador Ramón e Cajal en Prehistoria. Acéptase esta solicitude.

### 4. ACTUALIZACIÓN DO FINANCIAMIENTO DO MÁSTER

Informase sobre dúas convocatorias do vicerreitorado de titulacións para financiamento de diferentes accións dos másters. Informouse na última comisión académica. Hai dúas convocatorias, unha en xullo e outra en setembro, que acaba de pecharse.

Na convocatoria de xullo, en colaboración coa anterior coordinadora, Pilar Prieto, solicitáronse 3 accións de financiamento:

- Acción 1: Accións relacionadas con contidos prácticos (solicitouse a máxima cantidade, 1.000€). Realización de dous Programas prácticos: Arqueoloxía da Arquitectura; e Destrezas prácticas en Humanidades Dixitais. O primeiro celebrouse o ano pasado, e o segundo estase a celebrar na actualidade.
- Acción 2: Acción relacionada con melloras de equipamento, licencias etc. Solicitouse o máximo, 1000€, para re-deseñar e poñer ao día a web do máster.
- Acción 3: Accións relacionadas coa celebración de seminarios. De novo solicitouse a máxima cantidade, 1000€, para a realización de 3 conferencias: o seminario de presentación do máster, que xa tivo lugar, e dúas conferencias de profesorado invitado que terán lugar en outubro.

A resolución das 3 accións foi a seguinte:

- Programa práctico en Arqueoloxía da Arquitectura e Destrezas en Humanidades Dixitais: deron 600€. Repartiremos 300€ por curso.

- Os 1000€ solicitados para re-deseñar a web do máster, quedaron pendentes de resolución en segundo prazo.

- A acción 3, seminario de inicio e dúas conferencias, dos 1.000€ solicitados, concederon 600€

Nesta acción 3, e tendo en conta o reducido orzamento, desde a coordinación pensouse en dúas conferencias que se celebrarán o venres 20 de outubro, de 12 a 14. As charlas foron organizadas en colaboración coa antiga coordinadora Pilar Prieto e o profesor Pedro Barja, buscando opcións próximas que non implicasen gasto nin pernoita en Santiago. Serían as seguintes:

- Fernando Rodríguez do Cueto. “A implantación megalítica nun territorio do centro-occidente asturiano: resultados do proxecto da Cobertoria (2016-2023)”

- Carla RubieraCancelas. “What did they do with female slaves?” (Susan Treggiari). Interseccionalidad no estudo da escravitude na Roma antiga.

En canto a convocatoria de setembro, solicítase financiamento para 2 conferencias máis, a celebrar en 2024. O coordinador recibiu chamada desde o vicerreitorado de titulacións informando de que habería que elixir entre a acción pendente solicitada en xullo (web) e a nova de 2 conferencias máis. Indicáronnos que darían como máximo 800€ para a web e 600€ para as dúas conferencias. Desde a coordinación realizouse unha consulta a unha empresa de informática (Micromedia) para ver que servizos web poderían realizar por eses 800€ e indicáronnos que é un orzamento demasiado reducido. A opción que propón entón o coordinador é optar polas dúas conferencias, e o tema da web tentarase solucionalo por vía interna, asumindo o coordinador o deseño da páxina open Access, cecais con axuda dalgún investigador da USC que poda ser pagado de forma puntual por iso. Desta forma, habería financiamento para 2 conferencias en 2024. Pedro López Barja propón que entre os distintos grupos de investigación que participan no máster se pague unha boa páxina web. As representantes de alumnos apoian a necesidade de ter unha boa web para o máster. Sobre as conferencias do 2024, falando con José Carlos Sánchez Pardo, propúxose a posibilidade de traer a Marcos Martinón Torres da Universidade de Cambridge para que fale sobre o seu proxecto dos guerreiros de terracota de Xi'an. Para iso combinaríase o financiamento do máster e o que a maiores podería proporcionar el co seu proxecto. Sería moi interesante, quizais como charla inaugural do próximo ano. Para a segunda conferencia aceptáanse suxerencias, pero hai que ter en conta que só se dispoñería duns 200€. José Carlos Sánchez Pardo propón a Pilar Diarte Blasco, do CCHS-CSIC. Tamén propón que, se esta financiación vai continuar no futuro, que se faga una planificación a mais longo prazo sobre a quen se pode traer para estas conferencias, e que teña coherencia cos contidos e obxectivos do máster.

## 5. SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO PROFESORADO NA MATERIA PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO E SOCIEDADE

Houbo un cambio na materia Patrimonio Arqueolóxico e Sociedade, que na actualidade imparten as profesoras Sirio Canós e Laura Muñoz. Laura Muñoz informou á coordinación por email que deixará o Incipit en decembro para aceptar unha nova posición na Universidade de Barcelona, co que indica que non pode impartir clase. Solicita que cubran a súa docencia de forma excepcional Rafael Millán, Alejandro González Trejo e Paula Sánchez Carrera, todos eles estudantes predoutorais neste momento. Xunto con Sirio Canós, serían entón 4

profesores. Nembargantes, o Sxopra indica que non poden impartir docencia os que non teñan título de doutor. Finalmente David Barreiro acepta encargarse él mesmo desa docencia pendente. Pola súa parte, Javier González subraia que a docencia é un compromiso que debe asumirse e cumprirse.

#### 6. SOLICITUDE DE APOIO DE SERGIO SÁNCHEZ GARCÍA CON RESPECTO Á ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA DE “POSTA EN VALOR DO FOXO DO LOBO DE CHAGUAZOSO (VILARIÑOu DE CONSO, OURENSE)

Sergio Sánchez é ex-alumno da promoción de 2015 do máster. Ten 7 anos de experiencia como arqueólogo e na actualidade exerce como técnico auxiliar na empresa Tempos. Solicitou unha actuación arqueolóxica de posta en valor como director ao servizo de arqueoloxía da Xunta de Galicia, pero foille denegada. O criterio esgrimido é o artigo 5 do decreto 199/1997, que esixe para unha dirección posuír unha titulación superior en prehistoria e arqueoloxía. No seu caso é graduado en Historia da arte e Máster Universitario de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüedad. Válelle para ser técnico auxiliar de arqueoloxía, pero non para actuar como director.

Sergio indica nun email enviado o 26 de xullo á anterior coordinadora que vai formalizar unha queixa á USC, porque se está ofertando un máster con perfil profesionalizante que non cumpre os baremos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Esta é unha cuestión canto menos importante a tratar, porque gran parte do alumnado do máster é graduado en historia da arte, e algúns queren dedicarse profesionalmente á arqueoloxía. Proponse que a comisión emita un escrito de recomendación para casos como estes. A comisión está dacordo na gravidade deste feito, máxime existido moitos exemplos de directores que obtiveron autorizacións aínda que a súa titulación era de historia da arte. Tamén proponse que se pase por Xunta de facultade e despois se remita á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Pedro López Barja considera importante que se reuna o vicerreitor coa directora da DXPC. É un tema moi importante que debe solucionarse e ter visibilidade.

### 3. ROGOS E PREGUNTAS

Non hai

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 11:22 horas dase por concluída a reunión da Comisión Académica Interuniversitaria, da que como secretario redacto a presente acta, que asino co visto bo do coordinador en Santiago, a 29 de setembro de 2023.

Miguel Carrero Pazos  
Pardo  
O Coordinador

José Carlos Sánchez  
  
O Secretario

**ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA LOCAL  
DO MÁSTER EN “ARQUEOLOXÍA E CIENCIAS DA ANTIGÜIDADE”  
CELEBRADA O 5 DE OUTUBRO DE 2023**

As 10:01 horas do día 5 de outubro de 2023 reunense en sesión extraordinaria os membros da Comisión Académica local do Máster de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade mediante videoconferencia para tratar o único punto da orde do día:

1. Concesión de matrículas de honra a TFM's e PAE do curso 22-23

Asistentes: Miguel Carrero Pazos, José Carlos Sánchez Pardo, Pedro López Barja de Quiroga, David Barreiro, Olalla López Costas.

#### 4. CONCESIÓN DE MATRÍCULAS DE HONRA A TFM's E PAE DO CURSO 2022-23

Con respecto ós TFM, o coordinador informa de que a nota mais alta alcanzada é a de Pablo López Fernández, cun 9,5, sendo ademais o único traballo que foi proposto para Matrícula de Honra. Por tanto, aprobouse que se lle conceda a Matrícula de Honra a este TFM.

En canto as PAE, hai dous candidatos que acadaron un 10: Aitana Argibay Ares e Rocío García Valladares. Para desempatar, como en outros anos, decídese conceder a Matrícula de Honra a alumna con mellor expediente no master. Rocío García Valladares posúe unha nota media de 9.3625 e Aitana Argibay Ares un 7,730. Por tanto, concedese a Matrícula a Rocío García Valladares.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 10:23 horas dase por concluída a reunión da Comisión Académica Interuniversitaria, da que como secretario redacto a presente acta, que asino co visto bo do coordinador en Santiago, a 05 de outubro de 2023.

Miguel Carrero Pazos  
Pardo  
O Coordinador

José Carlos Sánchez  
O Secretario

### **ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA LOCAL DO MÁSTER EN “ARQUEOLOXÍA E CIENCIAS DA ANTIGÜIDADE” CELEBRADA O 11 DE NOVIEMBRE DE 2023**

As 10:04 horas do día 11 de Novembro de 2023 reunense en sesión ordinaria os membros da Comisión Académica local do Máster de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade no Seminario de Historia Antiga da facultade de Xeografía e Historia para tratar a seguinte orde do día:

8. Aprobación se procede de actas precedentes (29-09-2023 e 06-10-2023)
9. Informe do coordinador
10. Caso de plaxio Tamara Mata Tourís
11. PAEs
12. Centro de Datos e procesos. Datas de enquisas de satisfacción.

### 13. Rogos e preguntas

Asistentes: Miguel Carrero Pazos, José Carlos Sánchez Pardo, Javier González García, David Barreiro, Sara Brao Porto, Cristina Guilera Iglesias.

Disculpa su ausencia: Pedro López Barja de Quiroga

#### 5. APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES

Apróbanse as actas do 29-09-2023 e 06-10-2023

#### 6. INFORME DO COORDINADOR

Comeza o coordinador co informe de gasto. As subvencións da vicerreitoría de titulacións (1800€) foron xa pagadas e tramitadas as diferentes accións propostas e aprobadas na comisión anterior.

Despois comenta os cambios de PAD en POD:

Na materia Patrimonio Arqueolóxico e Sociedade, o cambio de PAD foi aprobado e tamén modificado xa o POD. David Barreiro será o novo docente, con 4,5h asignadas (as que tiña Laura Muñoz, dada de baixa como docente do máster).

Na materia Tecnoloxías xeoespaciais foi aprobado cambio de PAD e queda pendente realizar cambio de POD e asignarlle as horas a Miguel Carrero (área de Prehistoria).

Na materia Prospección arqueolóxica hai un cambio de reparto de horas en POD realizado. Leticia Tobalina asume 16 horas e Jorge Rouco 9.

Tamén haberá un cambio de POD na materia Lexislación xa que Samuel Nión gañou un contrato Juan de la cierva no Incipit e debe incorporarse o 1 de Xaneiro. A materia está asignada á USC (área de arqueoloxía), co que Samuel non poderá impartila e queda pendente acordar coa área quen será o sustituto/a.

Sobre o caso da queixa de Sergio Sánchez, tratouse na última comisión de docencia e calidade, e as conclusións foron similares ás desta comisión académica. Decidiuse que a solicitude dunha reunión informativa coa vicerreitoría de titulacións se tramitase a través do decanato. O luns o decano e o coordinador enviamos comunicación á vicerreitoría expoñendo a casuística particular. Están á espera de resposta.

Despois o coordinador informa das solicitudes de TFM. Foron recibidas 32 solicitudes. Brahim Ouhdach solicitou máis tempo porque está decidindo a temática con Leticia Tobalina como directora.

Finalmente informase do caso do alumno Ihab Kelfouni, matriculado pola UVigo, recién chegado de Arxelia e incorporado no mestrado o día 6 de novembro xa que por temas de visado e residencia non se puido incorporar antes. Estase a xestionar con él o TFM, decidindo temática e profesor/a. Indicou o caso dun compañeiro seu, Samy Nouadri, tamén matriculado pola UVigo pero que aínda está en Arxelia, pendente de aceptación do visado. Plantesaxe cómo hai que avaliar as materias que están xa a piques de rematar. ¿Quizáis consideralo de forma excepcional como alumno con dispensa? Javier González pensa que non se poden facer casuísticas e excepcións, que hai que cursar a maior parte das horas das clases, xa que é un master presencial. As representantes de alumnos din que non se sinten agraviadas se estes novos alumnos que chegan mais tarde son avaliados sen cursar todas as horas. Tras discutir a opción de que a comisión académica poña directrices, decidese finalmente que será cada profesor o que decida, tendo en conta a data de matriculación do alumno

### 3. CASO DE PLAXIO DE TAMARA MATA MOURÍS

O coordinador explica que chegou comunicación do Reitor que finaliza o expediente disciplinario incoado á alumna Tamara Mata Tourís. O reitor declara á alumna autora dunha falta moi grave nas tarefas e traballos da materia Patrimonio e Sociedade, tipificada como plaxio, que lle supón a expulsión temporal de dous meses da Universidade, expulsión que constará no seu expediente académico ata o seu total cumprimento. Axúntase documento en pdf en anexo final á acta.

### 4. PAEs

José Carlos Sánchez Pardo explica de forma preliminar as prácticas previstas para este ano, que seguirán a liña doutros anos, con prazas de excavación en Elviña, Valencia do Sil e Armeá ademais de museos en Santiago, Coruña e Lugo. En todo caso, a oferta detallarase en Xaneiro. Adianta que a coordinación prefere non facer convenios a medida de cada alumno pois son prácticas puntuais que nunca mais volven sacarse e ademais, non sempre están ben contrastada a súa calidade.

### 5. CENTRO DE DATOS E PROCESOS. DATAS DE ENQUISAS DE SATISFACCIÓN

Comezará en breve o roceso de valoración da satisfacción do alumnado coa docencia recibida nos másteres oficiais no curso 2023-2024. Pódense decidir datas, senón serán do 24 de novembro ao 15 de decembro de 2023. Decídese deixar esas mesmas datas.

Olalla López pregunta se se fará a enquisa que outros anos facía a propia coordinación do máster, e o coordinador acepta, a falta de solicitar o modelo e información a antiga coordinadora.

### 6. ROGOS E PREGUNTAS

Non hai

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 13:42 horas dase por concluída a reunión da Comisión Académica Interuniversitaria, da que como secretario redacto a presente acta, que asino co visto bo do coordinador en Santiago, a 11 de novembro de 2023.

Miguel Carrero Pazos  
Pardo  
O Coordinador

José Carlos Sánchez  
O Secretario

## **ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA LOCAL DO MÁSTER EN “ARQUEOLOXÍA E CIENCIAS DA ANTIGÜIDADE” CELEBRADA O 11 DE NOVIEMBRE DE 2023**

As 17:34 horas do día 22 de Novembro de 2023 reunense en sesión extraordinaria os membros da Comisión Académica local do Máster de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade mediante medios telemáticos para tratar a seguinte orde do día:

1. Modificación non substancial de ámbito de coñecemento do mestrado dacordo coa normativa vixente (artigo 8 RTOUSC, Anexo I RD 822/2021).
2. Aprobación de solicitudes de TFM para o curso académico 2023/2024.

Asistentes: Miguel Carrero Pazos, José Carlos Sánchez Pardo, Javier González García, David Barreiro, Cristina Guilera Iglesias.

Disculpa su ausencia: Pedro López Barja de Quiroga y Olalla López Costas

## 1. MODIFICACIÓN NON SUBSTANCIAL DE ÁMBITO DE COÑECEMENTO DO MESTRADO DACORDO COA NORMATIVA VIXENTE (ARTIGO 8 RTOUSC, ANEXO I RD 822/2021).

Recibida comunicación do secretario de asuntos académicos, Antonio Miguez Macho, débese aprobar en comisión académica a modificación non sustancial do ámbito de coñecemento do mestrado para cumprir coa normativa vixente (nova lei). Incorpórase á acta o listado de ámbitos de coñecemento no cal debemos inscribir o mestrado, segundo o BOE do 29 de Setembro de 2021.

- Actividad física y ciencias del deporte.
- Arquitectura, construcción, edificación y urbanismo, e ingeniería civil.
- Biología y genética.
- Bioquímica y biotecnología.
- Ciencias agrarias y tecnología de los alimentos.
- Ciencias biomédicas.
- Ciencias del comportamiento y psicología.
- Ciencias económicas, administración y dirección de empresas, márketing, comercio, contabilidad y turismo.
- Ciencias de la educación.
- Ciencias medioambientales y ecología.
enviándoas a outra zona de traballo, para que non houbera tensión. Indica que a actitude das alumnas foi sempre intachable ante o asunto.

Os dous coordinadores, José Carlos e Miguel Carrero, e o titor das PAE das alumnas, Javier González, indican na reunión que é inadmisíbel este tipo de comportamentos co alumnado do mestrado. Decidiuse citar ás alumnas afectadas a unha reunión presencial o martes 18 de xuño ás 16:00, para saber a súa versión dos feitos.

Entre tanto, o luns 10 de xuño os coordinadores e titor de PAEs reciben un informe explicativo de Marco Rivas Nodar. “Informe relativo a unha denuncia relativa a agresións verbais durante a execución dos traballos do proxecto “Sondaxes valorativas e extracción de mostras no Castro de Elviña, Campaña 2024” Exp Arq. Mun: ARQ24/010 COD IUR: IUR168800032 Exp. Opencertiac: C11/2024/208”. Tal e como se indica no correo email, trátase dun informe asinado por Marco Rivas Nodar no que expón unha denuncia formulada polo arqueólogo director na que se comunican conductas inapropiadas por parte de persoal da empresa Tempos Arqueólogos cara o alumnado en prácticas.

- Lectura do informe de Marco Rivas Nodar (ANEXOS)

Este informe explicativo foi enviado á coordinación do mestrado, ó coordinador das PAE e ao coordinador das alumnas, e tamén (en copia), á empresa de Tempos Arqueólogos.

O martes 11 de xuño recibimos unha mensaxe da dirección de Tempos Arqueólogos solicitando unha reunión presencial aclaratoria dos feitos expresados no informe. A puxémola o día 18 de xuño, ás 17h.

O martes 18 de xuño, ás 16:00, celebramos a reunión coas alumnas implicadas. José Carlos levantou acta desta reunión. Procédese a ler a acta da reunión.

- Lectura da acta realizada na reunión coas alumnas (ANEXOS)

Ese mesmo día, ás 18h, tivemos unha reunión coa dirección de Tempos Arqueólogos e a persoa implicada nas acusacións relatadas por Marco Rivas Nodar e Samuel Nión no informe.

- Lectura da acta realizada na reunión coa dirección de Tempos Arqueólogos e a persoa implicada nas acusacións (ANEXOS)

Ao finalizar a reunión, os tres coordinadores reuníronse e decidiron que o mellor sería consultar qué facer neste caso, e sobre todo, como proceder.

O Martes 25 de xuño, as alumnas envían ao coordinador, Javier González, un informe dos feitos.

- Lectura do informe das alumnas implicadas (ANEXOS)

O mércores 26 de xuño, ás 6:39 da mañá, recibimos un email dende a empresa Tempos Arqueólogos, cun informe en resposta ao documento ao informe remitido por Marco Rivas Nodar.

- Lectura do informe de Tempos Arqueólogos (ANEXOS)

Dende a coordinación realizouse unha consulta telefónica informal ao servizo xurídico da USC. Indicóusenos que esta é unha cuestión que debe ser tratada na comisión de PAEs que regula estas prácticas, no marco do convenio co concello de A Coruña. Dende a coordinación, entendemos que esta Comisión é a Comisión de PAEs da facultade. Indicóusenos tamén que o recomendable sería realizar un escrito de recomendación ao concello de A Coruña para tratar de evitar este tipo de cousas, pero que o camiño a seguir ten que estipulalo a comisión de PAEs da facultade.

Sobre o contido desta reunión, a coordinación roga máxima discreción no asunto.

Despois de todas as lecturas, a comisión decide tramitar a información á comisión de PAE da facultade.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 17:33 horas dáse por concluída a reunión da Comisión Académica Interuniversitaria, da que como secretario redacto a presente acta, que asino co visto bo do coordinador en Santiago, a 24 de abril de 2024.

Miguel Carrero Pazos  
Pardo  
O Coordinador

José Carlos Sánchez  
  
O Secretario

## **ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA LOCAL DO MÁSTER EN “ARQUEOLOXÍA E CIENCIAS DA ANTIGÜIDADE” CELEBRADA O 23 DE XULLO DE 2024**

As 13:34 horas do día 23 de xullo de 2024 reunense en sesión ordinaria os membros da Comisión Académica local do Máster de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade no Seminario de Paleografía da facultade de Xeografía e Historia e por medios telemáticos para tratar a seguinte orde do día:

23. Aprobación se procede das actas anteriores
24. Informe do coordinador / Peche de curso
25. Rogos e preguntas

Asistentes: Miguel Carrero Pazos, José Carlos Sánchez Pardo, Pedro López Barja de Quiroga, Olalla López Costas, Edgar Camarós, Francisco Javier González García, Cristina Guilera y Susana Reboreda Morillo.  
Excusan su ausencia: David Barreiro y Juan Luis Fenollós

## 12. APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES

Apróbanse as actas do 15-05-2024, 20-05-2024 e 26-06-2024

### 4. INFORME DO DIRECTOR

Chegou a resolución da secretaría xeral da modificación do calendario académico para o vindeiro curso 24-25. A resposta foi positiva: o segundo semestre celebrarase dende o 28 de xaneiro de 2025 ata o 2 de maio de 2025. Cambio de título de TFM: Sara Brao Porto. Tutor/es: Adolfo Fernández Fernández. Alba Antía Rodríguez Nóvoa. Título: Un análisis del proceso de romanización en Gallaecia a partir de los cambios y pervivencias de la cultura a través de los contextos de la Cibdá de Armea (Allariz, Ourense).

Modificacións de tribunais de TFM por ausencia de membros: Tribunal 4, Noemí Silva (de baixa), e Adolfo Fernández (de permiso, en Grecia). Pasan o suplente, Eduardo Méndez Quintas, e o coordinador a substituílos.

TFMs leídos no curso 2023/2024: En total léronse 15 TFMS (convocatorias de febreiro, xuño e xullo de 2024).

- Bermúdez Calviño, Itziar: SOB 10
- Brao Porto, Sara: SOB 9
- Cerdan Lobato, Kleyson Oswaldo: SOB 9
- Conde Martínez, Brais: NOT 7,5
- Díaz López, Paula: SOB 9,5 (MH)
- Fachado Baña, Alberto: NOT 7,5
- García de León, Arturo José: NOT 8
- Guilera Iglesias, Cristina: SOB 9,5
- Lino Perales, Adrián: APR 6
- López Viéitez, Iria: SOB 9,5
- Novo Vázquez, Estela: SOB 10
- Otero Gil, Rocío: NOT 7
- Pérez Castro, Sabela: SOB 9
- Pérez Gómez, Sara: NOT 8
- Sobrado Bernárdez, Carolina: SOB 9,4
- Vázquez Calatayud, Carlos: SOB 10 (MH)

Publicouse a resolución das axudas de financiación a mestrados 2023 da vicerreitoría de titulacións. Solicitáronse 2400€, conseguíronse 2000€.

Accións solicitadas:

- Charlas (600€):
  - o **1) Conferencia** 1. Presuposto: 300€
  - o **2) Conferencia** 2. Presuposto: 300€
- Prácticas (800€):
  - o 1. Taller práctico en Arqueoloxía da Arquitectura
  - o 2. Taller práctico de Arqueoloxía Experimental (Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro, Pontevedra)
- Estudantes (600€)
  - o Cineforum “Muller e mundo antigo”

- Curso de Topografía para Arqueoloxía

Asunto PAEs Elviña. Foi enviada a información aos servizos xurídicos e máis á comisión de PAEs da facultade. O coordinador reuniuse hoxe, 23 de xullo, co secretario xeral adxunto da USC, Carlos Alberto Gómez Otero. A falta de resposta escrita polo servizo xurídico, podemos adiantar que o tema non terá máis recorrido que o que xa tivo. Dende o punto de vista normativo, o exposto nos diferentes documentos que se enviaron axuntos (doc da última CAL e CAIM), non pode ser tipificado como acoso. O informe remitido por Marco Rivas Nodar xuridicamente non é adecuado. Recomendan falar coa empresa e solicitar unha disculpa formal ás alumnas. As valoracións xuríficas realizadas por Marco Ribas no informe non son correctas.

Cuestións que quedan por solucionar para os inicios do seguinte curso académico: Tratar os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado para o segundo semestre. Enviáronse a semana pasada ao alumnado, pero non tivemos recepción de moitas enquisas ata o momento.

Inicio do novo curso: Indicar que o inicio de curso está planificado para o día 9 de setembro, coa presentación de curso ese mesmo día na sala de profesores (13h). Asistencia obrigatoria para o alumnado.

Finalmente, o coordinador agradece ás comisións local e interuniversitaria, e á anterior coordinadora, Pilar Prieto, a axuda prestada durante este primeiro ano de coordinación. Os asistentes expresan o seu agradecemento e felicitacións ó coordinador polo bó traballo realizado neste primeiro curso.

## **5. ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 14:11 horas dase por concluída a reunión da Comisión Académica, da que como secretario redacto a presente acta, que asino co visto bo do coordinador en Santiago, a 23 de xullo de 2024.

Miguel Carrero Pazos  
Pardo  
O Coordinador

José Carlos Sánchez  
O Secretario

**ACTAS DA COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DO  
MESTRADO  
CURSO ACADÉMICO 2023/2024**

## **ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA INTERUNIVERSITARIA DO MÁSTER EN “ARQUEOLOXÍA E CIENCIAS DA ANTIGÜIDADE” CELEBRADA O 5 DE OUTUBRO DE 2023**

As 10:01 horas do día 5 de outubro de 2023 reunense en sesión extraordinaria os membros da Comisión Académica Interuniversitaria do Máster de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade mediante videoconferencia para tratar o único punto da orde do día:

### **1. Concesión de matrículas de honra a TFM's e PAE do curso 22-23**

Asistentes: Miguel Carrero Pazos, José Carlos Sánchez Pardo, Juan Luis Montero Fenollós, Susana Reboreda Morillo.

### **1. CONCESIÓN DE MATRÍCULAS DE HONRA A TFM's E PAE DO CURSO 2022-23**

Con respecto ós TFM, o coordinador informa de que a nota mais alta alcanzada é a de Pablo López Fernández, cun 9,5, sendo ademais o único traballo que foi proposto para Matrícula de Honra. Por tanto, aprobase que se lle conceda a Matrícula de Honra a este TFM.

En canto as PAE, hai dous candidatos que acadaron un 10: Aitana Argibay Ares e Rocío García Valladares. Para desempatar, como en outros anos, decídese conceder a Matrícula de Honra a alumna con mellor expediente no master. Rocío García Valladares posúe unha nota media de 9.3625 e Aitana Argibay Ares un 7,730. Por tanto, concedese a Matrícula a Rocío García Valladares.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 10:23 horas dase por concluída a reunión da Comisión Académica Interuniversitaria, da que como

secretario redacto a presente acta, que asino co visto bo do coordinador en Santiago, a 05 de outubro de 2023.

|                      |                            |
|----------------------|----------------------------|
| Miguel Carrero Pazos | Adolfo Fernández Fernández |
| O Coordinador        | O Secretario               |

**ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA INTERUNIVERSITARIA DO MÁSTER EN “ARQUEOLOXÍA E CIENCIAS DA ANTIGÜIDADE” CELEBRADA O 14 DE DECEMBRO DE 2023**

As 11:01 horas do día 14 de Decembro de 2023 reúnense en sesión extraordinaria os membros da Comisión Académica local do Máster de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade mediante medios telemáticos para tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, do premio extraordinario do mestrado curso 22- 23

Asistentes: Miguel Carrero Pazos, José Carlos Sánchez Pardo. Desculpa a súa ausencia: Juan Luís Montero Fenollós

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREMIO EXTRAORDINARIO DO MESTRADO CURSO 22-23 (ADXUNTASE COMO ANEXO A INFORMACIÓN CORRESPONDENTE).

Tras consultar toda a información académica, e tendo en conta que o Premio Extraordinario corresponde ó alumno/a con mellor nota media do máster, que non sexa repetidor, propónse conceder este premio ó alumno Pablo López Fernández, que tivo unha nota media de 8,97, incluíndo a matrícula de honra no TFM, que a súa vez, foi o que acadou unha calificación mais elevada (9,5).

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 11:17 horas dase por concluída a reunión da Comisión Académica Interuniversitaria, da que como secretario redacto a presente acta, que asino co visto bo do coordinador en Santiago, a 14 de decembro de 2023.

|                      |                            |
|----------------------|----------------------------|
| Miguel Carrero Pazos | Adolfo Fernández Fernández |
| O Coordinador        | O Secretario               |

# **ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA INTERUNIVERSITARIA DO MÁSTER EN “ARQUEOLOXÍA E CIENCIAS DA ANTIGÜIDADE” CELEBRADA O 15 DE XANEIRO DE 2024**

As 19:03 horas do día 15 de Xaneiro de 2024 reúnen-se en sesión extraordinaria os membros da Comisión Académica Interuniversitaria do Máster de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade mediante medios telemáticos para tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da oferta de prazas para o curso 24-25
2. Consultas sobre o PDA do curso 24-25

Asistentes: Miguel Carrero Pazos, José Carlos Sánchez Pardo, Juan Luis Montero Fenollós, Susana Reboreda Morillo e Adolfo Fernández Fernández.

## **1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA OFERTA DE PRAZAS PARA O CURSO 24-25**

Decídese aprobar a mesta oferta de prazas para a USC que no curso anterior: 20 prazas para estudantes con titulación europea e 5 para estudantes procedentes doutros países. Queda pendente que a UVigo e a UDC aproben a súa oferta, que este ano son 10 prazas cada unha. Non habendo ningunha obxección, queda aprobado para que sexa discutido en Xunta de Facultade.

Con relación a isto, P. López Barja indica que se houbese máis alumnos superaríase a capacidade da aula. Posto que os alumnos tamén teñen manifestado a falta de espazo ao coordinador do Máster, propónse preguntar ao Decanato da Facultade a posibilidade de pedir outra aula.

## **2. CONSULTAS SOBRE O PDA DO CURSO 24-25**

Varios docentes solicitaron cambios nas súas materias que se expuxeron na presente reunión pero quedan pendentes de ser aprobados na seguinte reunión.

- Javier González García pide mover a materia *Fuentes literarias para la historia del mundo clásico*, que actualmente se imparte no 1º semestre, ao 2º semestre.

- Oalla López Costas solicita cambiar o semestre e módulo da materia *Necrópolis e restos humanos*. Proponse movela ao 1º semestre e

impartir clase soamente cada 15 días durante 3 horas. O coordinador do Máster propón que sexa os luns pola tarde.

- Os docentes do INCIPIT que actualmente imparten *Prospección arqueolóxica* non poden asumir a materia para o curso que vén, polo que debe discutirse se se cambia de profesores ou volve a asumir a materia a área de Arqueoloxía da USC.

- Está aprobado xa que a materia *Cultura material medieval e moderna* se imparta no 2º semestre.

- José Carlos Sánchez Pardo debe asumir en solitario de *Lexislación e xestión da actividade arqueolóxica*, tras o cambio de contrato de Samuel Nión, que lle impide impartir docencia.

- Aurora Grandal e Gloria González solicitan impartir en solitario a materia *Zooarqueoloxía*, que actualmente comparten con Carlos Fernández Rodríguez, da Universidade de León. O coordinador do Máster propón a creación dunha materia optativa para as dúas primeiras e manter a docencia en Zooarqueoloxía. Queda pendente falar cos docentes afectados e preguntar ao SXOPRA se sería posible crear unha nova optativa.

- Algúns docentes manifestan a necesidade de limitar o número de alumnos para cada materia optativa. Queda pendente de consultarse ao SXOPRA.

Todo queda pendente de ser aprobado na seguinte reunión ordinaria da Comisión.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 19:46 horas dáse por concluída a reunión da Comisión Académica Interuniversitaria, da que como secretario redacto a presente acta, que asino co visto bo do coordinador en Santiago, a 15 de xaneiro de 2023.

Miguel Carrero Pazos

Adolfo

Fernández Fernández O Coordinador

O

Secretario

## **ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA INTERUNIVERSITARIA DO MÁSTER EN “ARQUEOLOXÍA E CIENCIAS DA ANTIGÜIDADE” CELEBRADA O 25 DE XANEIRO DE 2024**

As 12:00 horas do día 25 de Xaneiro de 2024 reúnense en sesión ordinaria os membros da Comisión Académica Interuniversitaria do Máster de Arqueoloxía e

Ciencias da Antigüidade mediante medios telemáticos para tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, de actas anteriores (15\_01\_2024)
2. Aprobación, se procede, de cambios de PDA para o curso 24-25
3. Aprobación se procede, de cambios de POD para o segundo semestre do curso 23-24
4. Nomeamento de nova coordinación na UVigo
5. Rogos e preguntas

Asistentes: Miguel Carrero Pazos, José Carlos Sánchez Pardo, Juan Luis Montero Fenollós, Susana Reboreda Morillo e Adolfo Fernández Fernández.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ACTAS ANTERIORES (15\_01\_2024)

Apróbanse por unanimidade.

2. APROBACION, SE PROCEDE, DE CAMBIOS DE PDA PARA O CURSO 24-25

O coordinador sinala os cambios propostos. Os membros da CAIM non expresan disconformidade con eles.

No caso da materia de zooarqueoloxía. Aurora Grandal solicita un cambio na docencia para que Gloria González Fuertes Fortes (Contratada Beatriz Galindo na UdC) poida contar con máis horas de docencia na materia e que estas horas sexan cedidas por Carlos Fernández, profesor externo da U. de León, que imparte a metade desta materia. Perante esta solicitude o coordinador propón varias opcións:

Na actualidade a situación do POD está da seguinte forma:

- Carlos Fernández: 10,5h
- Aurora Grandal e Gloria González Fortes: 10,5h.

O coordinador indica que se reuniu con ambas partes:

- Aurora Grandal e Gloria González Fortes indican que Gloria necesita 80 horas como mínimo por contrato Beatriz Galindo, e que na actualidade ten 76. Indican que solicitaron a Carlos Fdez que lle cedese a Gloria 4 horas e que este se negou.
- O profesor Carlos Fernández amosa o seu desacordo coa solicitude destas horas, que foi, de feito, a mediados de xaneiro por email. Indica tamén

que, segundo lle informa Aurora por email, a totalidade das horas da UdC están sendo impartidas por Gloria González Fortes. Por outra parte, indica que leva anos colaborando co mestrado, que o reparto de horas actual foi aceptado na última edición do mestrado e que é o único especialista na materia que se imparte, Zooarqueoloxía. Por outra parte, está dacordo con buscar unha solución para que Gloria González Fortes alcance as 80h que necesita.

Ante isto, quedarían 3 solucións a proposta da coordinación:

- A: Crear unha nova materia optativa a impartir dende a UdC, que permitiría ás profesoras ter máis docencia, e a Gloria González Fortes cubrir as 80 horas. A coordinación consultouno coas partes afectadas (profesoras Aurora Grandal e Gloria González, e Carlos Fernández). Indican que sería interesante e parecelles boa idea (materia por definir), pero que como a materia só se podería tramitar para o curso 26-27, no próximo ano 24-25 solicitan que o profesor Carlos Fernández ceda 6 horas, reducindo a súa carga docente a 4,5h. Desta forma Gloria chegaría a 80 horas que, como mínimo, indican que ten que impartir por contrato. Aurora Grandal indica que aínda que pasen a impartir unha eventual nova materia, non deixaría a docencia en Zooarqueoloxía. A coordinación pensa que esta pode ser unha boa solución, sempre e cando no 2026-2027 Carlos Fernández recupere a metade da materia de Zooarqueoloxía, tal e como está impartindo na actualidade.
- B: Crear unha nova materia optativa por parte dos profesores Edgard Camarós e Carlos Fernández, sobre osteoarqueoloxía, ou similar. Buscar puntos en común e sobre todo que sexan de interese para o mestrado.
- C: Crear unha materia que sexa unha extensión e/ou similar a Necrópoles e restos humanos. Os docentes desta última, Olalla López e Antonio Cortizas, indicaron que teñen demasiado alumnado. Feita a consulta ao SXOPRA de tentar limitar o número de alumnos, indicánnos que non se aceptan este tipo de solicitudes. Non se pode limitar o número de alumnos en materias de mestrado Poderíase prantexar unha materia de necrópoles e restos humanos I: prehistoria e protohistoria e necrópoles e restos humanos II: os períodos históricos. Este tipo de materias podería ser impartido por Edgard Camarós e Carlos Fernández ou Gloria G. Fortes.

Discútese estas opcións entre os membros da CAIM. J. L. Fenollós indica que a idea é que a UdC se faga cargo da totalidade da materia unha vez que contan con profesorado suficiente para asumir a totalidade da docencia. Os membros da comisión deciden que a opción 1 é a máis sinxela xa que o profesor Carlos Fernández esta dacordo.

Porén decídese que o coordinador se reúna coas profesoras da UdC para ir perfilando a nova materia. Tamén se decide crear unha comisión con varios

membros para deseñar os contidos desta nova materia para que sexan acordes e aproveitables para o alumnado.

O coordinador indica que tamén conviría revisar materias que sistemáticamente teñen poucos matriculados. Cristina Guilera indica que os estudantes non se inscriben porque son materias demasiado técnicas.

### 3. APROBACIÓN SE PROCEDE, DE CAMBIOS DE POD PARA O SEGUNDO SEMESTRE DO CURSO 23-24

O coordinador indica os cambios propostos pola CA local de Santiago. Son aprobados por unanimidade.

### 4. NOMEAMENTO DE NOVA COORDINACIÓN NA UVIGO

Infórmase que hai un cambio na coordinación da UVigo. Fermín E. Pérez Losada é substituído por Susana Reboreda Morillo. Os membros da Comisión danlle a benvida e felicitana ademais pola súa recente cátedra.

### 5. ROGOS E PREGUNTAS

Adolfo Fernández indica que hai varios anos que as comisións do máster, a local da USC e a Interuniversitaria se reúnen xuntas, o que fai que en ocasións temas que se están a tratar nas reunións conxuntas se discutan entre todos os membros cando soamente competen en exclusiva a Comisión Interuniversitaria. Isto, amais de ser unha irregularidade, xera certa desigualdade á hora da toma de decisións ó non estar presente os membros das comisións locais da UVigo e da UdC, que en ningún caso opinan sobre os temas a tratar. O profesor Fernández opina que as comisións deben reunirse de forma separada evitando, deste xeito, que se mesturen temas entre as comisións locais e interuniversitarias. Discútese isto entre os membros presentes, tamén os da comisión local da USC entre os que se atopa do Decano actual. Algúns membros indican a súa disconformidade aludindo a que sempre funcionou correctamente. Alúdese tamén a opción de convocar ós membros que non están presentes das comisións locais da UdC e da UVigo. Porén, o coordinador quedou en consultar a normativa dos mestrados interuniversitarios e tratar esta cuestión en vindeiras CAIM.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 13:10 horas dáse por concluída a reunión da Comisión Académica Interuniversitaria, da que como secretario redacta a presente acta, que asino co visto bo do coordinador en Santiago, a 25 de xaneiro de 2024.

Miguel Carrero Pazos

Adolfo Fernández Fernández

O Coordinador

O Secretario

## **ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA INTERUNIVERSITARIA DO MÁSTER EN “ARQUEOLOXÍA E CIENCIAS DA ANTIGÜIDADE” CELEBRADA O 06 DE FEBREIRO DE 2024**

Ás 19:00 horas do día 06 de Febreiro de 2024 reúnense en sesión ordinaria os membros da Comisión Académica Interuniversitaria do Máster de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade mediante medios telemáticos para tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta precedente (CAIM 25\_01\_24)
2. Reparto docente en Zooarqueoloxía e creación de nova materia asignada á UdC
3. Aprobación de lista final de Prácticas Académicas Externas ofertadas no curso 23-24.
4. Rogos e preguntas

Asistentes: Miguel Carrero Pazos (USC), José Carlos Sánchez Pardo (USC), Juan Luis Montero Fenollós (UdC), Jorge Sanjurjo Sánchez (UdC) e Adolfo Fernández Fernández (UVigo).

Escusa a súa ausencia: Susana Reboreda Morillo (UVigo)

### **1. APROBACIÓN DE ACTAS (CAIM 25\_01\_24)**

Detéctase un erro nun nome pero decídese aprobar a acta por unanimidade coa corrección de dito nome.

### **2. REPARTO DOCENTE EN ZOOARQUEOLOXÍA E CREACIÓN DE NOVA MATERIA ASIGNADA Á UDC**

O coordinador propón a creación dunha comisión que estudie os contidos da materia para que sexan acordes e teñan sentido coa temática xeral do mestrado. O coordinador sinala que o mellor será que desde a UdC se presente unha proposta de contidos da materia e que se discuta nunha CAIM.

Jorge Sanjurjo (en adiante JS) indica que as docentes prefiren unha materia nova orientada cara novas lineas de investigación.

José Carlos Sánchez Pardo (en adiante JC) indica que a materia nova debe orientarse cara a arqueoloxía molecular temán de humanos.

Miguel Carrero (en adiante MC) sinala que na última reforma do mestrado Aurora Grandal prantexou dúas materias.

Adolfo Fernández (en adiante AF) pregunta se hai límite na oferta de materias optativas. MC indica que non hai limite. AF pregunta se hai un límite mínimo de

alumnos para que se imparta unha materia. MC indica que o descoñece pero que vai facer a consulta.

Juan Luís Montero Fenollós (en adiante JL) indica que o mellor sería que Gloria e Aurora preparasen unha proposta para a nova materia e que se estudie na CAIM. MC indica que Carlos Fernández esta dacordo en ceder horas durante os dous próximos cursos coa condición de volver recuperalas despois.

### 3. APROBACIÓN DE LISTA FINAL DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS OFERTADAS NO CURSO 23-24

JC presenta o listado actualizado. Priman as escavacións arqueolóxicas fronte a outro tipo de prácticas co obxectivo de reforzar este aspecto do mestrado. Entre as opcións están Elviña e Valencia do Sil. Incorpórase a escavación no Castro de los Judios en León aínda que o convenio non esta asinado. Tamén se ofertan prácticas en empresas como Tempos, Engobe e Árbore e os museos de Lugo e de Peregrinacións. Tamén se incorporan as prácticas no concello de Allariz, dentro do proxecto Armea.

AF pregunta como se fai se hai máis demanda que prazas. JC indica que non soe pasar xa que os propios alumnos se coordinan entre eles á hora de escoller.

JC sinala que o día 23 se van a publicar as PAI. Apróbanse por unanimidade

### 4. ROGOS E PREGUNTAS

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 19:40 horas dáse por concluída a reunión da Comisión Académica Interuniversitaria, da que como secretario redacto a presente acta, que asino co visto bo do coordinador en Santiago, a 06 de febreiro de 2024.

Miguel Carrero Pazos

Adolfo Fernández Fernández

O Coordinador

O Secretario

## **ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA INTERUNIVERSITARIA DO MÁSTER EN “ARQUEOLOXÍA E CIENCIAS DA ANTIGÜIDADE” CELEBRADA O 06 DE FEBREIRO DE 2024**

Ás 19:00 horas do día 06 de Febreiro de 2024 reúnen en sesión ordinaria os membros da Comisión Académica Interuniversitaria do Máster de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade mediante medios telemáticos para tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta precedente (CAIM 25\_01\_24)
2. Reparto docente en Zooarqueoloxía e creación de nova materia asignada á UdC
3. Aprobación de lista final de Prácticas Académicas Externas ofertadas no curso 23-24.
4. Rogos e preguntas

Asistentes: Miguel Carrero Pazos (USC), José Carlos Sánchez Pardo (USC), Juan Luis Montero Fenollós (UdC), Jorge Sanjurjo Sánchez (UdC) e Adolfo Fernández Fernández (UVigo).

Escusa a sua ausencia: Susana Reboreda Morillo (UVigo)

## 1. APROBACIÓN DE ACTAS (CAIM 25\_01\_24)

Detéctase un erro nun nome pero decídese aprobar a acta por unanimidade coa corrección de dito nome.

## 2. REPARTO DOCENTE EN ZOOARQUEOLOXÍA E CREACIÓN DE NOVA MATERIA ASIGNADA Á UDC

O coordinador propón a creación dunha comisión que estudie os contidos da materia para que sexan acordes e teñan sentido coa temática xeral do mestrado. O coordinador sinala que o mellor será que desde a UdC se presente unha proposta de contidos da materia e que se discuta nunha CAIM.

Jorge Sanjurjo (en diante JS) indica que as docentes prefiren unha materia nova orientada cara novas líneas de investigación.

José Carlos Sánchez Pardo (en diante JC) indica que a materia nova debe orientarse cara a arqueoloxía molecular temán de humanos.

Miguel Carrero (en diante MC) sinala que na última reforma do mestrado Aurora Grandal prantexou dúas materias.

Adolfo Fernández (en diante AF) pregunta se hai límite na oferta de materias optativas. MC indica que non hai límite. AF pregunta se hai un límite mínimo de alumnos para que se imparta unha materia. MC indica que o descoñece pero que vai facer a consulta.

Juan Luís Montero Fenollós (en diante JL) indica que o mellor sería que Gloria e Aurora preparasen unha proposta para a nova materia e que se estudie na CAIM. MC indica que Carlos Fernández esta de acordo en ceder horas durante os dous próximos cursos coa condición de volver recuperalas despois.

### 3. APROBACIÓN DE LISTA FINAL DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS OFERTADAS NO CURSO 23-24

JC presenta o listado actualizado. Priman as escavacións arqueolóxicas fronte a outro tipo de prácticas co obxectivo de reforzar este aspecto do mestrado. Entre as opcións están Elviña e Valencia do Sil. Incorporárase a escavación no Castro de los Judios en León aínda que o convenio non esta asinado. Tamén se ofertan prácticas en empresas como Tempos, Engobe e Árbore e os museos de Lugo e de Peregrinacións. Tamén se incorporan as prácticas no concello de Allariz, dentro do proxecto Armea.

AF pregunta como se fai se hai máis demanda que prazas. JC indica que non soe pasar xa que os propios alumnos se coordinan entre eles á hora de escoller.

JC sinala que o día 23 se van a publicar as PAI. Apróbanse por unanimidade

### 4. ROGOS E PREGUNTAS

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 19:40 horas dáse por concluída a reunión da Comisión Académica Interuniversitaria, da que como secretario redacto a presente acta, que asino co visto bo do coordinador en Santiago, a 06 de febreiro de 2024.

Miguel Carrero Pazos      Adolfo Fernández Fernández

O Coordinador      O Secretario

**El 9 de septiembre es la inauguración, y no hay clase, pero la asistencia es obligatoria. El inicio normal de las clases es el 10.**

| 1      | SEMESTRE | CURSO 2024-2025 | Inicio de curso el 9 de septiembre                                              |                                        |                                            |                                                        |
|--------|----------|-----------------|---------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------|--------------------------------------------|--------------------------------------------------------|
|        |          |                 | LUNES                                                                           | MARTES                                 | MIÉRCOLES                                  | JUEVES                                                 |
| MAÑANA |          |                 | <b>Iniciación a la investigación en arqueología y ciencias de la antigüedad</b> | <b>Paleoambiente y arqueología (*)</b> | <b>Historia de las religiones antiguas</b> | <b>Patrimonio arqueológico y sociedad (*)</b>          |
|        |          |                 | USC/Ant, Arq, Edaf                                                              | USC/Edaf, USC/Arq, Incipit/CSIC        | UVigo                                      | Incipit/CSIC                                           |
|        |          |                 | 9 septiembre-20 diciembre                                                       | 9 septiembre-25 octubre                | 9 septiembre-20 diciembre                  | 9 septiembre-25 octubre                                |
|        |          |                 | 09:00h-10:30h                                                                   | Materia de 3 horas<br>9:00h-12:00h     | 09:00h-10:30h                              | Materia de 3 horas<br>9:00h-12:00h                     |
|        |          |                 | Aula XX                                                                         | Aula XX                                | Aula XX                                    | Aula XX                                                |
|        |          |                 |                                                                                 |                                        |                                            | Día reservado para salida de campo u otras actividades |

|       |             |                                                                                                                                                    |                                                                                                                                                              |                                                                                                                                                  |                                                                                                                                                        |  |
|-------|-------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|
| TARDE |             | <b>Cultura material pre y protohistórica</b><br><br>UVigo<br><br>Incipit/CSIC<br><br>9 septiembre-20 diciembre<br><br>10:30h-12:00h<br><br>Aula XX | <b>Necrópolis y restos humanos (*)</b><br><br>USC/Arq, Edaf<br><br>28 octubre – 20 diciembre<br><br>Materia de 3 horas<br>9:00-12:00h<br><br>Fac. Biología   | <b>Procesado y gestión de la evidencia arqueológica</b><br><br>USC/Arq<br><br>9 septiembre-20 diciembre<br><br>10:30h-12:00h<br><br>Aula XX      | <b>Arqueobotánica (*)</b><br><br>USC/Edaf<br><br>Incipit/CSIC<br><br>28 octubre - 20 diciembre<br><br>Materia de 3 horas<br>9:00-12:00h<br><br>Aula XX |  |
|       | 12:00-12:30 |                                                                                                                                                    | Descanso                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                  |                                                                                                                                                        |  |
|       |             | <b>Cultura material romana y tardoantigua</b><br><br>UVigo<br><br>9 septiembre-20 diciembre<br><br>12:00h-13:30h<br><br>Aula XX                    | <b>Excavación arqueológica</b><br><br>UVigo<br><br>9 septiembre-20 diciembre<br><br>12:30h-14:00h<br><br>Aula XX                                             | <b>Historia antropológica del mundo antiguo</b><br><br>USC/Ant<br><br>9 septiembre-20 diciembre<br><br>12:30h-14:00<br><br>Aula XX               | <b>La romanización en Occidente</b><br><br>USC/Ant<br><br>9 septiembre-20 diciembre<br><br>12:30h-14:00<br><br>Aula XX                                 |  |
|       |             |                                                                                                                                                    |                                                                                                                                                              |                                                                                                                                                  |                                                                                                                                                        |  |
| TARDE |             |                                                                                                                                                    | <b>Ocupación del territorio en el Noroeste peninsular</b><br><br>USC /Preh<br><br>UVigo<br><br>9 septiembre-20 diciembre<br><br>15:30h-17:00h<br><br>Aula XX | <b>Prospección arqueológica (*)</b><br><br>Incipit/CSIC<br><br>9 septiembre-25 octubre<br><br>Materia de 3 horas<br>15:30h-18:30h<br><br>Aula XX |                                                                                                                                                        |  |
|       |             |                                                                                                                                                    |                                                                                                                                                              |                                                                                                                                                  |                                                                                                                                                        |  |

(\*) Las asignaturas de 3h deben realizar un descanso obligatorio intermedio de 10 minutos. Éstas duran sólo medio semestre, es de vital importancia conocer los días de clase de inicio y final que están indicados en cada materia, porque éstas pueden variar en función de los festivos. Las materias de 1,5h se rigen por las fechas de inicio y final del curso oficial.

|          |                 |                                   |
|----------|-----------------|-----------------------------------|
| SEMESTRE | CURSO 2024-2025 | Comienzo de clases el 28 de enero |
| 2        |                 |                                   |

| MAÑANA<br>09:00-14:00 |  | LUNES                                                                                                           | MARTES                                                                                                                      | MIÉRCOLES                                                                                                   | JUEVES                                                                                                 |
|-----------------------|--|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                       |  | Arqueología del paisaje<br>Incipit/CSIC<br>28 enero-2 de mayo<br>09h-10:30h<br>Aula XX                          | Legislación y gestión de la actividad arqueológica<br>USC/Arq<br>28 enero-2 de mayo<br>09h-10:30h<br>Aula XX                |                                                                                                             | Día reservado para salida de campo u otras actividades, a partir del 14 de marzo                       |
|                       |  | Cultura material medieval e moderna<br>USC/Arq<br>28 enero-2 de mayo<br>10:30h-12:00h<br>Aula XX                | Fuentes literarias para la historia del mundo clásico<br>USC/Ant<br>Uvigo<br>28 enero-2 de mayo<br>10:30h-12:00h<br>Aula XX | Tecnologías geoespaciales en arqueología<br>USC/Pre, Ingen<br>28 enero-14 marzo<br>10:30h-12:00h<br>Aula XX | Arqueología de Mesopotamia<br>UDC<br>28 enero-14 marzo<br>10:30h-12:00h<br>Aula XX                     |
|                       |  | 12:00-12:30                                                                                                     | Descanso                                                                                                                    |                                                                                                             |                                                                                                        |
| TARDE<br>15:30-18:30  |  | Etnoarqueología y arqueología experimental<br>USC/Preh, Uvigo<br>28 enero-2 de mayo<br>12:30h-14:00h<br>Aula XX | Historia del arte griego<br>USC/Arte<br>28 enero-2 de mayo<br>12:30h-14:00h<br>Aula XX                                      | Tecnologías geoespaciales en arqueología<br>28 enero-14 marzo<br>12:30-14:00h<br>Aula XX                    | Arqueología de Mesopotamia<br>UDC<br>28 enero-14 marzo<br>12:30h-14:00h<br>Aula XX                     |
|                       |  |                                                                                                                 |                                                                                                                             |                                                                                                             |                                                                                                        |
|                       |  |                                                                                                                 |                                                                                                                             |                                                                                                             |                                                                                                        |
|                       |  | Zooarqueología<br>UDC, Área Ext. (Univ León)<br>28 enero-21 marzo<br>15:30h-18:30h<br>Aula XX                   | Técnicas instrumentales y cronológicas en arqueología<br>UDC<br>28 enero-21 marzo<br>15:30h-18:30h<br>Aula XX               | Arqueología pública<br>UVigo<br>28 enero-14 marzo<br>15:30h-18:30h<br>Aula XX                               | Formas políticas de la Antigüedad grecorromana<br>UDC<br>28 enero-14 marzo<br>15:30h-18:30h<br>Aula XX |

(\*) Las asignaturas de 3h deben realizar un descanso obligatorio intermedio de 10 minutos.

Éstas duran sólo medio semestre, es de vital importancia conocer los días de clase de inicio y final que están indicados en cada materia, porque éstas pueden variar en función de los festivos. Las materias de 1,5h se rigen por las fechas de inicio y final del curso oficial.

## LISTADO DEFINITIVO DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS (2023-2024)

| MÁSTER ARQUEOLOXÍA E CIENCIAS DA ANTIGÜIDADE |                                  |                                           |                                      |
|----------------------------------------------|----------------------------------|-------------------------------------------|--------------------------------------|
| ALUMNADO                                     | TUTOR ACADÉMICO PAE              | TUTOR PROFESIONAL PAE                     | ENTIDAD PAEs                         |
| Aneiras Morado, Antía                        | Francisco Javier González García | Marco Rivas Nodar                         | Concello de A Coruña                 |
| Bermúdez Calviño, Itziar                     | Francisco Javier González García | Marco Rivas Nodar                         | Concello de A Coruña                 |
| Brao Porto, Sara                             | Adolfo Fernández Fernández       | Juan Antonio Seara Ferro                  | Concello de Allariz                  |
| Carreira i Bausili, Anna                     | Francisco Javier González García | Marco Rivas Nodar                         | Concello de A Coruña                 |
